

# **Fraseoloxía e paremioloxía castelá nos escritos do P. Martín Sarmiento (1695-1772)**

***Spanish phraseology and paroemiology of Martín Sarmiento OSB (1695-1772)***

Xesús Ferro Ruibal  
Beatriz Pérez Traseira  
Noelia Surribas Díaz  
Xacinta Varela Martínez

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Santiago de Compostela

Resumo: Recuperación de fraseoloxía e paremioloxía castelá (17 locucións ou compostos sintagmáticos, 5 frases proverbiais e 39 refráns) comentada polo ilustrado beneditino galego Frei Martín Sarmiento (1695-1772). Contrólase a pervivencia posterior ata o cambio de milenio, utilizando repertorios fraseolóxicos e paremiolóxicos actuais e mesmo os cörpera Refranero Multilingüe, CREA e WEBCORP ou directamente GOOGLE. Isto permite no final do artigo facer unha medición aproximada da mortalidade fraseolóxica e paremiolóxica, que parece maior na fraseoloxía do que na paremioloxía. Pero, ademais desta análise cuantitativa, faise unha análise cualitativa do material usado polo P. Sarmiento e constátase que, coma calquera falante actual, utiliza o “discurso repetido” por veces como unha cita neutra, outras veces como unha cita de autoridade e algunha vez como unha cita crítica do propio pre-texto: o discurso repetido para el é algo fixado pero dinámico. Recóllese a terminoloxía que el utiliza neste ámbito e constátase que a mediados do século XVIII pide que se inicien os estudos fraseolóxicos e paremiolóxicos.

Palabras clave: Fraseoloxía, paremioloxía, español, fixación, cambio lingüístico.

*Abstract: Retrieval of Spanish phraseology and paroemiology (17 phrases or syntagmatic compounds, 5 proverbial phrases and 39 proverbs) commented by the Galician Benedictine erudite Fr. Martín Sarmiento (1695-1772). The subsequent survival up to the turn of the millennium is controlled using current phraseological and paroemiological repertoires and even corpora such as Refranero Multilingüe, CREA and WEBCORP, or directly GOOGLE. This enables us to measure approximately the phraseological and paroemiological mortality at the end of this article, that seems to be higher in phraseology than in paroemiology. But in addition to this quantitative analysis, there is a qualitative analysis of the material used by Father Sarmiento, proving that he, as any current speaker, when*

---

Data de recepción: 2.7.2014. Data de aceptación: 24.11.2014.

using "repeated speech" may do sometimes a neutral citation, other times an authority citation or, at certain intervals, he provides criticism of this pretext. He sees repeated speech as something fixed, but also dynamic. The terminology used in this area is collected and it is verified that he calls for a beginning of phraseological and paroemiological studies in the mid-seventeenth century.

Keywords: Phraseology, Spanish, paroemiology, fixation, linguistic change.

## 0. Antecedentes e estrutura deste traballo

Frei Martín Sarmiento (1695-1772), máis coñecido como P. Sarmiento, foi un dos grandes ilustrados españois, home de erudición enciclopédica, que o levou a facer tamén diversas observacións pertinentes verbo de asuntos fraseolóxicos e paremiolóxicos. Seguindo a pauta dun artigo publicado anteriormente nesta mesma revista (FERRO-VARELA 2012: 99-164), pretendemos reunir agora fraseoloxía castelá usada e comentada polo P. Sarmiento nas sete obras nas que encontramos máis fraseoloxía castelá:

- 0.1. O manuscrito de 1730 *Costumbres, ethiquetas, ceremonias, juegos, obserbaciones, supersticiones y vulgaridades, que se practican en diferentes partes de España: Refranes, frases, dichos y hechos que oy se aplican á otros y de lo que hay alguna noticia en autores antiguos etc.* (SARMIENTO 1730) que é un dos primeiros traballos que Sarmiento iniciou e que é o máis directamente fraseolóxico<sup>1</sup>. Nel o sabio beneditino pretendía explica-la orixe e pervivencia de sintagmas fixos cargados de historia ou de implicacións que o tempo ía facendo escuras, converténdose así nun precedente de Sbarbi, de Montoto Rautenstrauch ou de Iribarren. Pero este interesante traballo quedou abortado porque a multidisciplinar curiosidade científica de Sarmiento levouno axiña a emprender, no eido lingüístico, proxectos máis lexicográficos e a formular e practica-la gramática histórica e comparada en pleno século XVIII. Extraemos del 9 entradas.
- 0.2. O manuscrito de 1745 *Memorias para la Historia de la poesía y poetas españoles.* (SARMIENTO 1745).
- 0.3. O manuscrito de 1746 *Colección de voces y frases gallegas* (SARMIENTO 1746).
- 0.4. O manuscrito secreto<sup>2</sup> de 1752 *Copia del Real Privilegio del Rey Don Hordoño 2º* (SARMIENTO 1752). Del extraemos 19 entradas.

<sup>1</sup> Véxase na Bibliografía a descrición do manuscrito do Museo de Pontevedra, que é o que seguimos, aínda que xa existe edición de Sbarbi e tamén de García Alén. Cando o P. Sarmiento abandonou este traballo deixouno metido dentro doutro titulado *Conjeturas para establecer algunas etimologías de diferentes voces que se usan en España, segun la Observacion del Rev.mo Padre Maestro Sarmiento, cuya obra la empezò el año 1730, y la fue continuando despues por todo el curso de su vida segun le iban ocurriendo las voces en la lectura, ó conversacion, y procede por Alfabeta.*

<sup>2</sup> Trátase dun escrito no que o P. Sarmiento empeza por facer unha nova edición depurada dun importante documento medieval do mosteiro de Samos en Galicia e, vendo que unha edición anterior contiña erros, decátase de que a Orde Benedictina ten en España un problema de falta de arquivistas competentes propios. Disto pasa a analiza-los problemas da formación dos monxes bieitos do seu tempo. A súa análise pasa dun aspecto a outro e acaba converténdose nunha crítica severa pero leal, porque é interna e secreta. Por iso na súa epígrafe § 203, consciente de que esta análise desinhibida dos problemas de funcionamento interno da Orde Benedictina poden ter unha lectura agresiva por parte de inimigos do monacato, anota estas palabras: *Ni directe ni indirecte sabrá Samos* [a abadía galega pola que empezou a escribir este texto] *ni otra casa*

- 0.5. O manuscrito de 1757 *Onomástico etimológico de la lengua gallega* (SARMIENTO 1757).
- 0.6. A monumental *Obra de 660 Pliegos* (SARMIENTO 1762-1772), da que extraemos amaior parte das entradas (28).
- 0.7. O manuscrito de 1768 *La educación de la juventud* (SARMIENTO 1768).

Queda aínda unha obra inxente por analizar. Este traballo ten dúas partes.

- 0.8. Na primeira parte (epígrafes 1-4) expóñense as citas fraseolóxicas e paremiolóxicas do P. Sarmiento, dentro do seu propio contexto, confrontadas ós datos que ofrece o español actual. Coma no artigo aludido, trataremos de observar se eses fraseoloxismos ou paremias seguen ou non en uso e, para iso, consultamos de maneira sistemática os dicionarios fraseolóxicos do español moderno: o creado por Fernando Varela e Hugo Kubarth (**Varela-Kubarth**), o do español actual creado por Manuel Seco, Olimpia Andrés e Gabino Ramos (**Seco**) o de Cantera Ortiz de Urbina – Gomis Blanco (**Cantera-Gomis**) pero tamén o *Diccionario de la Real Academia Española* (**DRAE**); e prescindiremos destes dicionarios cando entremos na análise das paremias, porque estas fontes non as conteñen. Para as paremias revisouse de maneira exhaustiva o monumental *Refranero general ideológico español* de Luis Martínez Kleiser (**MKleiser**) que integra a case totalidade das fontes anteriores a el (1953). Na procura de datos fiables de pervivencia actual (2014) fixéronse tamén buscas exhaustivas en catro fontes: o **Refranero Multilingüe (RMultilingüe)** (Sevilla e Zurdo dirs. 2009) que ofrece o Centro Virtual Cervantes [<http://cvc.cervantes.es/lengua/refranero/>] e do que recollemos só as indicacións de pervivencia actual, dado que as históricas xa figuran nas referencias de MKleiser; o *Corpus del Español Actual* (**CREA**) que ofrece a Real Academia Española; o *Webcorp* (**WEBCORP**) creado pola Research and Development Unit for English Studies da Birmingham City University, que permite acceder a toda Web coma se fose un corpus<sup>3</sup>; e finalmente introduciuse, como fonte complementaria, a busca directa en **GOOGLE** tras comprobar que ese motor de buscas ofrecía secuencias que non aparecían no Webcorp. A base de datos **Paremirom** (<http://stel.uv.es/paremio-rom/es/refranes/>) é unha base de datos romance especializada en refráns meteorolóxicos. Como dos que Sarmiento cita só un (3.38) é meteorolóxico (*Una golondrina no hace verano*), Paremirom só figura nese refrán.

---

*alguna, si existen o no existen estos pliegos que voy escribiendo; no saldrán jamás de mi poder ni daré copia de ellos a alma viviente, a no ser a un [Padre] general que yo le imagine dedicado a cortar de raíz muchos abusos aquí referidos.*

<sup>3</sup> A tódolos autores deses libros ou ferramentas de investigación expresámoslle o noso recoñecemento, maiormente ó fraseólogo galego-vienés Fernando Varela Iglesias, inesperadamente falecido en 2013, que co profesor Hugo Kubarth construíu un magnífico e pioneiro *Diccionario fraseológico del español moderno* (VARELA-KUBARTH). Aínda que a maior parte dos textos do P. Sarmiento xa os localizamos nos exemplares da biblioteca do Museo de Pontevedra e da Universidade de Santiago de Compostela, reiteramos gustosos a nosa gratitude ó prof. Henrique Monteagudo por nos franquea-lo acceso á primicia da parte impresa e mesmo a algunha parte inédita.

**0.9.** Na segunda parte (epígrafe 4) facemos unha reflexión sobre todo o material reunido.

**0.9.1.** En primeiro lugar (epígrafe 4.1.) contabilizamos con detalle cantos fraseoloxismos e paremias que Sarmiento usou ou comentou no século XVIII, perviven hoxe (4.1.) visibilizándoo todo en tres táboas (1, 2 e 3): a isto seguen unhas reflexións sobre se realmente se pode medi-la fixación (4.1.1.), dado que non tódalas citas actuais de Internet son testemuño de uso actual (4.1.2.); sobre a maior conservación en América (4.1.3.) e descartamos que a desaparición de unidades usadas no século XVIII polo P. Sarmiento poida atribuírse a que el adaptaba ó castelán o seu substrato fraseolóxico e paremiolóxico galego (4.1.4). Constatamos tamén que a fixación é esencial no texto fixado pero que tamén o é a innovación (4.1.5.). Coidamos que estas cinco reflexións constitúen unha aproximación ás dimensións cronolóxicas e estruturais do fenómeno que chamamos *fixación*. Coas reservas que expresaremos en 4.1.1. e 4.1.2., todo isto permítenos aproximarnos algo a saber se hoxe perviven ou non eses fraseoloxismos e paremias que corrían no século XVIII. O método será, polo tanto, o mesmo que seguiron os autores do artigo anterior e a el nos referimos, só que, neste caso, as fontes de contraste, como queda dito, serán dicionarios, refraneiros e córpora en castelán. Nalgún caso ofreceremos en nota a rodapé a equivalencia galega, non tanto para salientar innecesariamente paralelos entre a fraseoloxía das dúas linguas senón, sobre todo, porque ordinariamente<sup>4</sup> permite excluír que sexan substrato galego de Sarmiento certos fraseoloxismos ou paremias castelás que el usa e que hoxe non encontramos vivas: é dicir, permítenos falar de verdadeira mortalidade fraseolóxica ou paremiolóxica<sup>5</sup>.

**0.9.2.** Na mesma segunda parte (epígrafe 4.2.) examinamos aspectos do uso en vivo que o P. Sarmiento fai da fraseoloxía e da paremioloxía, como son os distintos tipos de cita que practica (crítica, neutra ou de autoridade) (Táboas 4 e 5) e percibiremos que as paremias no seu conxunto son máis autoridades (54%) ca sofismas (26%), feito no que se revela a dependencia pero tamén a independencia de criterio de Sarmiento fronte á doutrina do seu mestre, o P. Feixoo (FEYJOO)<sup>6</sup>, verbo dos refráns<sup>7</sup> no monumental *Theatro crítico* que el axudou a editar e do que foi principal defensor (Sarmiento 1732). E tamén analizamos algúns exemplos de desautomatización, que revelan que Sarmiento considera o texto

<sup>4</sup> Só podería darse un caso con de tempos a tempos (1.7.).

<sup>5</sup> Neste caso agradecémo-la posibilidade de consulta-lo Tesouro Fraseolóxico Galego (TFG), en construción no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

<sup>6</sup> A forma gráfica usual deste apelido galego e mesmo a referencia a este sabio beneditino en Galicia é sempre *Padre Feixoo*, como corresponde á etimoloxía (<*phaseolu*). Con todo, dado que el escribiu *Feyjoo* e o seu discípulo Sarmiento tamén escribiu *Feyjoo*, usaremos esta única grafía nas referencias bibliográficas.

<sup>7</sup> É ben coñecido que o P. Feixoo abriu o primeiro tomo do seu transcendental *Theatro crítico* cun primeiro capítulo titulado “Voz del pueblo” contra a veracidade global dos refráns no que crítica que sexa “voz de Dios” (FEYJOO 1726). Saíulle un opoñente anos despois que sostíña que os adaxios son “evangelios breves” e a isto retrucou Feixoo cun segundo escrito, xa histórico, “Sobre la falibilidad de los adagios” (FEYJOO 1750, 1-10). Pode verse tamén o comentario de Cantera (2009:21-30).

fixado como un punto de partida, é dicir, como algo que pode mellorar e, por veces, mellora cando se retoca ou reforma<sup>8</sup>. Se o feito na epígrafe 4.1 permite aproximarnos á realidade cuantitativa da fixación, esta epígrafe axuda a perfíllalo concepto cualitativo desa fixación.

- 0.9.3.** Na mesma segunda parte (epígrafe 4.3.) observamos tamén a terminoloxía que Sarmiento espontaneamente usa (*dicho, modo de hablar, proverbio, adagio* etc.) e a qué unidades aplica eses termos (Táboa 6).
- 0.9.4.** Finalmente (epígrafe 4.4.) resaltámo-lo feito de que entre os primeiros escritos do P. Sarmiento (1730) aparece un escrito que parecía se-lo inicio dun *Diccionario fraseológico castellano* e que, ademais, no seu último escrito (1762-1772) formula o necesario inicio dos estudos fraseolóxicos e paremiolóxicos. Nese medio tempo, como sabio ilustrado, repasou con aguda mirada e enorme erudición os problemas máis acuciantes do seu tempo propoñendo sempre medidas concretas de mellora. Pero é importante salientar que el considerou sempre os estudos fraseolóxicos e paremiolóxicos como base dos estudos lingüísticos.
- 0.10.** Coma no artigo citado (FERRO-VARELA 2012: 99-164), no inicio de cada parágrafo de Sarmiento indicaremos entre corchetes a data na que Sarmiento escribía ese texto, porque esa referencia cronolóxica sempre é útil e, nalgún caso, é pertinente. Así *entrar por la boca-manga y sacar por el cabezón*. [1752]. E, a continuación, segue unha cita suficiente.
- 0.11.** Se no artigo citado a presenza de fraseoloxismos ou paremias galegas era moi visible, por seren sintagmas galegos nun texto en castelán, neste caso o detector desas unidades é o texto que Sarmiento comenta ou que no seu manuscrito subliña<sup>9</sup> (e que o editor publica en cursiva), porque iso indica que el tiña conciencia de que son textos fixados, pre-textos, discurso repetido, ben fraseoloxismos ben paremias.

Para abreviar, utilizamos siglas que remiten ás referencias máis usadas e que se desenvolven na bibliografía final. Son as do seguinte cadro.

---

<sup>8</sup> Rara vez Sarmiento realiza unha cita observando a disciplina fraseográfica actual, porque os datos non proceden de traballos lexicográficos senón de ensaios nos que el trata os máis diversos temas científicos e neles insire un fraseoloxismo ou paremia, que lle dá o pé para clarifica-lo razoamento que está facer. As citas que trae a conto e que el glosa non sempre son autoridades nas que el se apoia senón, en certos casos, sofismas vulgares que el expresamente quere combater.

<sup>9</sup> A dici-la verdade, Sarmiento nos seus manuscritos subliña moitísimas palabras (substantivos, por exemplo) cun criterio que aínda non demos descifrado pero os que Sarmiento considera fraseoloxismos e paremias adoitan ir subliñados e iso pasou ás edicións modernas con letra cursiva. Nisto e nos índices finais é nos que nos baseamos, polo que, en lei dereita, non podemos asegurar que non haxa máis fraseoloxismos cós que nós aquí recolleemos e comentamos.

<b>Abreviaturas máis usadas</b>	
<i>Sigla</i>	<i>Correspondencia na bibliografía final</i>
<b>CANTERA-GOMIS</b>	CANTERA ORTIZ DE URBINA Jesús e GOMIS BLANCO, Pedro (2007)
<b>CREA</b>	REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: Banco de datos (CREA) [en liña].
<b>CORDE</b>	REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: Banco de datos (CORDE) [en liña].
<b>DRAE</b>	REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (2001): <i>Diccionario</i> [en liña].
<b>GOOGLE</b>	
<b>MKleiser</b>	MARTÍNEZ KLEISER, Luís (1953). Por ser este un refraneiro que aglutina e ordena ideoloxicamente os máisw sobranceiros refraneiros anteriores (ata un total de 65.083 refráns), Martínez Kleiser tamén usou siglas propias para cita-los paremiólogos anteriores a el e son as que figuran nas casiñas inferiores
<b>C</b>	Gonzalo Correas (1627).
<b>C.C.</b>	Caro Cejudo (1675).
<b>H</b>	Sebastián de Horozco (1599).
<b>M</b>	Juan de Mal Lara (1568).
<b>N</b>	Hernán Núñez (1555).
<b>R</b>	Francisco del Rosal (1560).
<b>R.M.</b>	Francisco Rodríguez Marín (1883, 1896, 1930, 1934, 1938, 1941).
<b>S</b>	Marqués de Santillana (1499).
<b>Z</b>	Pedro Vallés (1549).
<b>PRIETO</b>	PRIETO DONATE, Estefanía (2009).
<b>RMultilingüe</b>	SEVILLA MUÑOZ, J.; ZURDO RUIZ-AYÚCAR (2009).
<b>SARMIENTO 1730</b>	SARMIENTO, Fr. M. (1730)
<b>SARMIENTO 1745</b>	SARMIENTO, Fr. M. (1745)
<b>SARMIENTO 1746</b>	SARMIENTO, Fr. M. (1746)
<b>SARMIENTO 1752</b>	SARMIENTO, Fr. Martín (1752).
<b>SARMIENTO 1757</b>	SARMIENTO, Fr. M. (1757)
<b>SARMIENTO 1762-1772</b>	SARMIENTO, Fr. Martín (1762-1772).
<b>SARMIENTO-1768</b>	SARMIENTO, Fr. Martín (1768).
<b>SECO</b>	SECO, Manuel, ANDRÉS, Olimpia e RAMOS, Gabino (2004).
<b>VARELA-KUBARTH</b>	VARELA, Fernando e KUBARTH, Hugo (1994).
<b>VSACO</b>	VÁZQUEZ SACO, Francisco (2003).
<b>WEBCORP</b>	<i>Webcorp</i> . RDUES. Birmingham [en liña].

## 1. Colocacións, locucións e fórmulas

Só citaremos 22, porque non pretendemos facer un reconto exhaustivo de toda a fraseoloxía española que usou o P. Sarmiento (obviamente inmensa nunha obra xigantesca<sup>10</sup>) senón só daquela que a el lle merece algún comentario ou da que temos evidencia que pensaba comentar. E, aínda desa, só nos demoramos na que encontramos na obra publicada (maiormente por José Luís Pensado Tomé e por José Santos Puerto), xa que, como é ben sabido, a maior parte da inmensa obra de Sarmiento aínda está inédita e só no século XXI se abriu un proceso de edición total<sup>11</sup>.

### 1.1. *Como tres con un zapato*. [1745; 1762-1772]

... entre sus Poesías [de Juan de la Encina 1468-1529] hay veinte coplas de á nueve pies cada una, y de ocho syllabas cada pie, y cuyo título es este: Disparates trobados por Juan de la Encina. El asunto es una sarta de desatinos, y disparates puestos de estudio, para hacer reir. Comienzan: *Anoche de madrugada / Ya despues de medio dia, / Vi venir en romería / Una nube muy cargada, Etc.:* / *No despues de mucho rato / Vi venir un orinal puesto de pontifical, / Como tres con un zapato:* / *Y allí vi venir un gato / Cargado de verdolagas, / Y al Parce mihi, sin bragas, / Caballero en un gran pato, / Por hacer mas aparato*, Ec. [533]. Por lo que copié aquí, se conocerá lo que queda. (SARMIENTO 1745: 533).

(§ 6758) La voz *osas* siempre es plural o dual, porque significa una especie de calzado o zapatos que siempre se venden pareados –y así se usan a no seguir el disparate de Juan de la Encina *como tres con un zapato*. El arancel del arzobispo de Santiago don Diego Gelmírez dice así: “de calceamentis socos optimos cabrunos, sine fraude non amplius viii nummis. Osas bonas non amplius duobus solidis. Zapatones mulierum optimos xii nummis non amplius. Zapatones bonos bobinos pro ad barreganes non amplius v nummos etc<sup>12</sup>.”, como se lee en la página 535 de la *Historia compostelana*. ¿Quién no ve aquí que *osas* son especie de zapatos? (SARMIENTO-660:6758).

Varela-Kubarth: Non figura.

Seco: 2 *como tres en (o con) un zapato*. adv (col) Con grandes apuros o dificultades. *Il LaN 3.10.02 (In): Cuando los niños son pequeños, andas como “tres en un zapato”, pero la crisis de la familia no es por la incorporación de la mujer al trabajo.*

CREA: Non figura. [3.11.2014].

WEBCORP: 15 aparicións (+recente 2014). *Nos deshacemos de nuestra moneda, andamos como tres con un zapato para sobrevivir al cambio y diez añitos después, nos condenan a la miseria sin*

<sup>10</sup> Queda, polo tanto, indicado aquí un farturo e interesante campo de traballo.

<sup>11</sup> O Consello da Cultura Galega, por acordo coa Casa Ducal de Medina-Sidonia, propietaria da maior parte dos manuscritos orixinais de Sarmiento, ten en marcha un ambicioso proxecto de edición que se describe en [<http://consellodacultura.org/sarmiento/>] [10.2.2014].

<sup>12</sup> “Do calzado, os mellores zocos de pel de cabra, sen gano, custarán non máis de 8 moedas. Unhas boas polainas, non máis de dous soldos. As mellores botas de mulleres, non máis de 12 moedas; as botas boas para os criados, non máis de cinco etc. “.

*poder hacernos cargo de nuestra economía porque somos parte -perdedora- de algo más grande que cojea pero bien.* [[http://labasquebondissante.blogspot.com.es/2013\\_04\\_01\\_archive.html](http://labasquebondissante.blogspot.com.es/2013_04_01_archive.html)]. [11.11.2014]. // *Están estos días muy mohinos algunos portugueses porque su gobierno, que anda como tres con un zapato, quiere deshacerse de unos cuantos cuadros de Miró que valen una pasta. Y los periodistas, claro, encantados, porque ya tienen de qué hablar sin exprimir un ápice el coco.* [[http://gimiendoeneltostador.blogspot.com.es/2014\\_02\\_01\\_archive.html](http://gimiendoeneltostador.blogspot.com.es/2014_02_01_archive.html)]. [16.11.2014].

GOOGLE: Máis de 2000 resultados. 2 exemplos do 2014 dun blogue, sempre co verbo *andar*. // *Están estos días muy mohinos algunos portugueses porque su gobierno, que anda como tres con un zapato, quiere deshacerse de unos cuantos cuadros de Miró que valen una pasta.* [[http://gimiendoeneltostador.blogspot.com.es/2014\\_02\\_01\\_archive.html](http://gimiendoeneltostador.blogspot.com.es/2014_02_01_archive.html)]. [14.11.2014]. // *todo lo demás era un sin parar de sortear obstáculos, por no hablar de los baches de la calzada que a nada que te descuidabas te tragabas uno que en eso sí que se nota que el ayuntamiento de la capital anda como tres con un zapato.* [[http://gimiendoeneltostador.blogspot.com.es/2014\\_03\\_01\\_archive.html](http://gimiendoeneltostador.blogspot.com.es/2014_03_01_archive.html)]. [14.11.2014].

COMENTARIO Resulta estraña a ausencia desta locución no CREA. E noutras fontes, a variante *como a tres con un zapato* (8 aparicións) son expresas referencias a outro sonado poema; este de Juan de Padilla (1490-1521). *Bien pensaua io, sennora, / que io solo uuestro era / fasta el punto de agora / que ui lo que non quisiera. / Pero, pues passan de dos / los que comen en este plato, / digo que me ua con uso / como a tres con un çapato.* [<https://quadernodenotas.wordpress.com/tag/literatura-siglo-xv/>] [1.11.2014]. Con todo iso, a presenza no Webcorp e no Diccionario de Seco-Andrés-Ramos é suficiente proba de vitalidade actual desta locución. As *osas*, que comenta Sarmiento, eran as polainas de coiro que protexían a parte inferior da perna (tinia e peroné).

## 1.2. *Dar anguilas* [a alguien]. [1730].

**Anguilas por Azotes** Plinio libr. 9. cap. 23. Contra Anguillis (Tergus) crasius, eoque verberari<sup>13</sup> solitos, tradit Verrius, praetextatos et ob id mulctam his dicit non institutam<sup>14</sup>. San Ysidoro libr. S<sup>o</sup>. cap. 26 fol. 935. dice Anguilla, est qua coercentur in Scholis pueri, quae vulgo Scutica dicitur<sup>15</sup> Alexandro ab Alexandro libr.2<sup>o</sup> cap. 25. folio 92. Vuelta: A quibus (los Niños en la Escuela) si quid esset ofensum [sic], praetextati Anguillarum terгоре: Pueri férula: â parentibus vero levioribus flagris, vel plagis, aut puerili verbere plectebantur.<sup>16</sup> Acaso aludirá â esto el modo de hablar en España quando se dice que â tal, ô tal muchacho le dieron en la Escuela tantas Anguilas, para significar tantos Azotes, ô Scuticas, pues estoy en que la voz Azote, viene de Scutica, Ascutica, Açutica, Azote, ô Ascote, ô Acote. (Sarmiento 1730).

<sup>13</sup> O ms. di erroneamente *verbari*.

<sup>14</sup> Plinio no texto citado estaba describindo a *muraena* (lamprea) e no inicio desta cita compara con ela a *anguilla* (anguía) e di que “a pel do lombo desta é algo máis brava” é que Verrio Flaco (55 aC – 20 dC) afirmaba que coa anguía dábanlle unhas zorregadas ós mozos de mala donduta e que ese castigo era inapelable”. Nótase que a pel deste peixe ten escamas microscópicas.

<sup>15</sup> “A anguía é coa que se castigan os nenos na escola e a xente adoita chamarlle *scutica* (xostra, azoute)”.

<sup>16</sup> Esta nota indica que había diferente rigor no castigo segundo a idade. Os *praetextati* eran os mozos menores de 17 anos e, polo contraste que establece cos *pueri*, estes deben de ser os pequenos. Pero cómpre ter en conta que os menores de 7 anos considerábanse *infantes*. Polo tanto este texto debe de significar que os mozos (*praetextati*) castigábanse con zorregadas de lombo de anguías pero que os nenos (*pueri*) cunha variña ou palmeta; pero que na casa os pais castigábanos co xostras máis moles (infantís) ou con golpes. Dende o punto de vista fraseolóxico o máis interesante é que Sarmiento testemuña que no tempo del circulaba a locución *darle tantas anguilas [a alguien]*.



Varela-Kubarth: Non figura.

Seco: Non figura.

Cantera - Gomis: Non figura.

CREA: Non figura. [3.11.2014].

WEBCORP: Non figura. [3.11.2014].

GOOGLE: 1 cita. *Empezando por estos últimos aspectos, se ha detectado la influencia pliniana en dichos y expresiones castellanas como llevó el diablo rocín y manzanas-Plin. HN 23, 7; 24, 1-, o dar anguilas-por azotes HN 9,77-, además de estar en otro mundo-para el que está de nuevas en algún asunto, como recordaba López de Gómara, J. General, cap.1 a propósito de HN 2, 2-3-*. (MOURE CASAS, Ana (2008): "Plinio en España: Panorama general" en *Revista de Estudios Latinos*). [<http://www.google.es/url?sa=t&rct=j&q=&esrc=s&source=web&cd=1&cad=rja&uact=8&ved=0CCEQFjAA&url=http%3A%2F%2Fdialnet.unirioja.es%2Fdescarga%2Farticulo%2F4571176.pdf&ei=fJcVlyGONTasASk1YKYDA&usg=AFQjCNFLzPbGflhr8os158QR7SAiYPSWGg>]. [7.11.2014].

COMENTARIO. No mundo antigo había moitas anguías porque se utilizaban para manter potable a auga dos depósitos públicos, dado que elas aliméntanse das algas e insectos que nacen nese medio. Para castigar non se usaba a anguía enteira senón un látigo feito coa súa pel que tiña escamas microscópicas. Sarmiento, sempre fiable, afirma "se dice que á tal, ó tal muchacho le dieron en la Escuela tantas Anguilas": este "se dice" sitúanos en Madrid 1730. Por iso resulta estraño non encontrar outro testemuño desta locución en ningún corpus nin dicionario (non a detectamos nin no CORDE onde hai moitos textos contemporáneos de Sarmiento). Pero en cambio hai un poema de Eugenio Montale, titulado precisamente "L'anguilla" que di *l'anguilla, torcia, frusta*, no que define este peixe teleosteo como "facha e látigo", o que evidencia que a memoria do látigo de anguía chegou en Italia ó século XX. A *scutica* era un flaxelo de correas.

### 1.3. *Dar un jaquimazo* [a alguen] [1762-1772]

(§ 6313) Los castellanos debían haber llamado *el juego de los jaques* o *de los jeques* y tendrían más a mano la etimología en el persiano; *xah, xaque, xeque*, todo significa 'rey' o 'príncipe' para la pieza principal y por extensión todas las piezas se llaman escaques o jaques. Antes que un jugador prenda al jaque o rey es cortesía advertirle que se retire y para eso vocea *jaque*. De ahí se originó la frase castellana para despedir a uno, diciéndole: "*ea, jaque de aquí*". Cuando el jugador llega a prender al rey debe vocear "shah mat" o "jaque mate" que significa 'el rey está preso o muerto' y entonces se acabó el juego de ajedrez (y de la expresión jaque-mate se formó la frase castellana cuando a uno se le da una grande desazón: *le dieron un jaquimazo*). (SARMIENTO-660:6313).

Varela-Kubarth: Non figura.

Seco: Non figura.

CREA: Non figura. [3.11.2014].

WEBCORP: Figura co verbo *pegar* en vez de *dar*. -*¡Sin faltar, oiga, sin faltar! ¡Que le pego a usted un jaquimazo de abajo parriba que hasta el cielo le molesta padar la vuelta, ¿oyó, cacho machango?*. [<http://adolfosantana.com/retazos-de-zafra-vii/>]. [11.11.2014]. *Querido Ángel, Qué forma más educada, noble, humilde y acertada de darle un jaquimazo a ese tan listo que habla desde la sombra. Como lleva la intención de herir se oculta. Ahora que no ofende quien quiere sino quien puede, y a tí no pueden.* [<http://irinconfuente.blogspot.com.es/2012/03/marzo-2012.html>]. [16.11.2014].

GOOGLE: 4 aparicións. *Querido Ángel, Qué forma más educada, noble, humilde y acertada de darle un jaquimazo a ese tan listo que habla desde la sombra. Como lleva la intención de herir se oculta. Ahora que no ofende quien quiere sino quien puede, y a tí no pueden.* [<http://irinconfuente.blogspot>].

com.es/2012/03/marzo-2012.html]. [16.11.2014]. // *En fin, hoy estoy de reflexiones y me apetece darle un JAQUIMAZO al mundo...* [http://livaex.blogspot.com.es/2010/02/el-jaquimazo.html]. [11.11.2014]. // *Este como que estaba borracho y se dió un jaquimazo en el ojo. No es fácil encontrar a Mr turdus blumbeus aislado en una percha. Esta especie me falta..* [https://www.flickr.com/photos/dax\_roman/14358446735/]. [16.11.2014].

#### 1.4. De tempos a tempos [1752].

Se de quien, así que llegaba á un partido, suspendía a todos los Sacerdotes, de decir Misa, asta volverlos á examinar, y que tomasen nueva Licencia, pero que la pagasen, á razon de 4, ó 5 reales. Lo mismo sucedía, y aun sucede, con las Licencias de confesar. Que *de tempos à tempos*, se buelvan a examinar los Confesores, y los Sacerdotes de Misa, es tan justo, que ojala se hiciese con todo el rigor que piden aquellos dos Sacramentos, de la Penitencia, y de la Eucaristia. Pero que à todos se suspenda del exercicio, asta que suelten el Dinero; y que despues de pagados todos buelvan à quedar iguales, es un latrocinio escandaloso. (SARMIENTO 1752:106v).

DRAE: *de tiempo en tiempo* 1. loc. adv. Con discontinuidad, dejando pasar un espacio de tiempo entre una y otra de las cosas y acciones de que se trata.

MKleiser: Non figura.

Cantera - Gomis: *de tiempo en tiempo*. De vez en cuando

VARELA-KUBARTH: (p.267) *de tiempo en tiempo* (f.) Algunas veces (dejando pasar algún tiempo entres unas veces y otras): *Vive alejado de todo contacto humano, y sólo de tiempo en tiempo abandona la sierra para hacer algunas compras en la ciudad* (267-268).

SECO: *de tiempo en tiempo* adv. De vez en cuando. // A. GWalker Índ 1.11.74, 3: *Nuestros "amigos oficiales".. se limitan a cubrir las "formas" de tiempo en tiempo con declaraciones paternalistas, alentadoras y cariñosas* (p.965).

CREA: 0 citas. [3.11.2014].

WEBCORP: 14 citas (+ recente: 2012) *Todos tenemos células cancerígenas y a algunos se les desarrolla más que a otros. Si se ven a tiempo no hay problema, hay de cáncer a cáncer y de tempos a tempos" explicó.* [http://novelaseries.univision.com/abismo-de-pasion/lo-ultimo/articulo/2012-08-28/eric-del-castillo-tiene-cancer-de-prostata] [7.10.2014].

GOOGLE: 6 citas. (+ recen: 2012): *-De tempos a tempos es preciso volver a enamorar, a cortejar. Mirar para el otro como un pretendiente en potencial. Salir para danzar, para mirar a la luz de las estrellas.* [http://rinconespirita.wordpress.com/saludos-matinales-tres/]. [7.8.2012].

COMENTARIO. Incluímos aquí esta locución, que non recollen outras fontes especializadas, non porque Sarmiento a comente senón porque sabemos que pensaba comentala. Neste texto xa a resalta ortograficamente, como indicando que lle resultaba especial, ben porque empezaba a desaparecer do uso ben porque estaba especialmente viva en Galicia, dado que a usou tres veces o tamén galego P. Feixoo. Pero o máis significativo (e decisivo para nós) é que el mesmo usara esta locución seis anos antes (1746) nunha obra en galego de carácter metalingüístico: unhas coplas en galego que el redactou, imitando o estilo das coplas populares, para facer despois sobre elas comentario de gramática histórica e filoloxía comparada (en pleno século XVIII): entre as palabras e locucións que el organizou para comentario lingüístico figura a locución *de tempos a tempos* (na copla 1000). Lamentablemente o seu extenso e

intenso comentario filolóxico non conseguiu prolongalo máis alá da copla 195. Por iso sabemos que a esta locución lle daba o valor de “reiterada e intermitentemente”:  
*Que leba tras si / hums doce gaiteiros / cos seus tamboriles / que tanguen uns nenos; // e que vai á vila / co seu reximento, / con moitos corchetes / vestidos de vello, // que van nunhas bestas / ou facos galegos / e moitas de veces / a pé os gaiteiros; // xa vistas tamén / o que fan os nenos / despois que larparon / as centolas presto, // que fan nas cacholas / dous ollos abertos / e põnas nas caras / e fan mil enredos, // e nas foliadas / de tempos a tempos / a Vella do Grove / con cós e mouquelo; // e con carantoña / facendo o fedello / botando pernadas / que matou ao Meco //.* (SARMIENTO 1746: 146,1000).

A consulta do CORDE da Real Academia Española permítenos ver que esta locución fora usada por Fadrique de Zuñiga (1565), por Pedro Pizarro (1571), por Cervantes (1585), por Juan de Jerez (1601-1621); que no século XVIII estaba viva en escritores galegos (Feixoo e Sarmiento), como queda dito, e que con posterioridade a eles o CORDE só a detecta noutra escritora galega (Rosalía de Castro). Vexamos:

*y deste arte habría abundancia de mudas, mayormente que, cuando viniesen a hallarse todas las que hobiese de los azores pollos que habrían criado, serían tantos (con hacer esta diligencia de tiempos a tiempos un año) que no pereciesen estas mudas en la tierra donde esto se hiciese hasta quel mundo se acabase.* (Zuñiga (1565): Libro de cetrería de caza de azor. Ed. Dámaso Gutiérrez-Arrese, Bibliófilos españoles (Madrid), 1953: 53).

*y creyendo los yndios que el sol se auía enoxado porque le auían descubierto su mina, no entendiendo (116) los cursos del sol, dixeron a Lucas Martínez que todos se auían de morir si le mostrauan la mina: que el sol se auía enoxado, y por eso se auía escurecido. Pues animándoles Lucas Martínez, y diziéndoles que de tiempos a tiempos hacía el sol aquello, los consoló algo, y dixeron que yrían con él a mostrársela.* (Pizarro (1571) Relación del descubrimiento y conquista de los reinos del Perú. Ed. Guillermo Lohman Villena - Pierre Duviols (1986) Pontificia Universidad Católica del Perú (Lima), 193).

*Por do claro se conoce la diferencia que hay de tiempos a tiempos, y cómo con ellos suele mudar amor los estados, haciendo que hoy se ría el que ayer lloraba y que mañana llore el que hoy ríe.* (Cervantes (1585): La Galatea; ed. Florencio Sevilla Arroyo; Antonio Rey Hazas, Centro de Estudios Cervantinos (Alcalá de Henares), 1994 107).

*Aviendo pues de averiguar si por vía de gobierno conviene que de tiempos a tiempos se muden las cortes de los Príncipes de una en otra ciudad, emos de acudir a la razones que ay en favor desta mudanza civil, entre las cuales se ofrecen ocho más aparentes con que los desta opinión la pueden dar color.* (Jerez, Juan (1601-1621) Razón de Corte: 79).

*Advierto, en fin, que aun prescindiendo de los peligros, que amenazan los purgantes, no tienen tampoco las fuerças que se les atribuyen para exterminar de el cuerpo la materia morbífica. En vn tiempo, que yo tenía más fe con ellos,*

*los vsaba en vnas indisposiciones, que de tiempos a tiempos padecía, y aún oy padezco, cuyos ordinarios síntomas son pesadez de los miembros, decadencia de el apetito, y aun alguna opresión de las facultades de la Alma, y suelen durar dos meses, ya más, ya menos.* (Feijoo (1726): Teatro crítico universal, I:45).

*Pero es claro, que esta nota no cabe, pues el intento de dicho discurso es manifestar un error comunísimo; conviene a saber, la translación de chistes, de lugares a lugares, y de tiempos a tiempos.* (Feijoo (1742): Cartas eruditas y curiosas, CORDE).

*Sobre todo, el actuante hubo de espiritarse, y aun no sé si después publicó que había estado para decirle al padre: ¿qué llama Si-es-te-ma? No-es-te-ma, padre mío, aquí no disputamos por tema, sino por razón. ¡Lo que va de tiempos a tiempos! Ya la voz systema, como también fenómeno, no solo suena en las aulas, mas en los estrados y aun en las cocinas: pues hasta una guisandera, si contra su esperanza se le estraga algo de lo que adereza, saber decir; que es un fenómeno raro y nada conforme al systema común.* (Feijoo (1745): Cartas eruditas y curiosas, CORDE).

*Lo qual, no solo se prueba con lo alegado arriba, mas también con las noticias, bastantemente comunes, de que en los países de el Assia Menor, que son, de que en los países de el Assia Menor, que son de tiempos a tiempos, sin distancia de muchos años, infestados de la peste, en los intervalos hay pocas enfermedades, y muere poquísima gente, y es preciso que sea assí, porque si no, aquellos países ya estuvieran hechos páramos.* (Feijoo (1753): Cartas eruditas y curiosas, CORDE).

*- ¡Ah, señora! -murmuró la vieja María, algo indecisa-. Allí he parado... Pero ¡cuánto va de tiempos a tiempos! ¡Cuán cierto es que las mujeres somos como las rosas: el menor viento nos hace daño! - Pues, ¿qué le ha pasado a aquella pobre niña? -preguntó Mara con interés. - Por de pronto, su madre ha muerto...* (Rosalia de Castro (1861). Flavió: 393).

Nestas citas xa se percibe que esta locución derivou na aparición secundaria da fórmula ¡Cuánto va de tiempos a tiempos! ou ¡Lo que va de tiempos a tiempos! A forma máis común hoxe é *de tiempo en tiempo*, en singular e con outra preposición.

### 1.5. *Ea, jaque de aquí!* [1762-1772].

Véxase *darle un jaquimazo* (1.3.).

Varela-Kubarth: Non figura.

Seco: Non figura.

CREA: Non figura. [3.11.2014].

WEBCORP: 4 citas pero todas referencias ó soneto de Lope de Vega (1562-1635), polo tanto non actual e mesmo anterior ó propio Sarmiento : *Jaque de aquí con este santo Roque, / peste cruel, que quiere Dios que aplaque / este bordón con su divino jaque / todo peligro que a los hombre toque; / y que las piezas del contrario apoque, / y el alma dama en el postrero escaque, / libre de tretas y peligros, saque / cualquiera que su nombre santo invoque. / Procura el negro alfil que el hombre peque, / y con sus tretas ya le pone a pique, / porque de la piedad la oliva seque. / Mas*

*Roque hace que el bordón se aplique / a la espada de Dios, y el rigor trueque, / y que su cruz a Cristo signifique.* [[http://es.wikisource.org/wiki/Jaque\\_de\\_aqu%C3%AD\\_con\\_este\\_santo\\_Roque](http://es.wikisource.org/wiki/Jaque_de_aqu%C3%AD_con_este_santo_Roque)]. [16.11.2014].

GOOGLE: 15 citas, a maioría son explicacións lexicográficas que fan referencia ao poema de Lope ou son entradas de dicionarios do século XIX e XX, coma o Diccionario de la lengua castellana do 1838 que define: *Interjección con que se avisa á alguno que se aparte ó se vaya. Dícese frecuentemente JAQUE de aquí, y se toma la- alusión del juego del ajedrez.* [[http://books.google.es/books?id=NLErIQPlorwC&pg=PA543&lpg=PA543&dq=%22JAQUE+DE+AQU%C3%8D%22&source=bl&ots=EaaOL46Rnk&sig=sBY6egtLH39poj-KVmn71FB-gek&hl=gl&sa=X&ei=289pVPulDYTaaU\\_3gaAO&ved=0CDcQ6AEwBA#v=onepage&q=JAQUE%20DE%20AQU%C3%AD&f=false](http://books.google.es/books?id=NLErIQPlorwC&pg=PA543&lpg=PA543&dq=%22JAQUE+DE+AQU%C3%8D%22&source=bl&ots=EaaOL46Rnk&sig=sBY6egtLH39poj-KVmn71FB-gek&hl=gl&sa=X&ei=289pVPulDYTaaU_3gaAO&ved=0CDcQ6AEwBA#v=onepage&q=JAQUE%20DE%20AQU%C3%AD&f=false)]. [16.11.2014]. No *Nuevo diccionario portátil español-francés* publicado no 1825. *JAQUE DE AQUÍ: hors d'ici.* [[http://books.google.es/books?id=DABMce7lxAUC&pg=PA378&lpg=PA378&dq=%22jaque+de+aquí%22&source=bl&ots=T66eHL6bb&sig=7fsPZQ\\_5iC3OTHUYXjFvvgcoiVg&hl=gl&sa=X&ei=dNZpVJ\\_PBdjval\\_ZgrAP&ved=0CEgQ6AEwBw#v=onepage&q=%22jaque%20de%20aquí%22&f=false](http://books.google.es/books?id=DABMce7lxAUC&pg=PA378&lpg=PA378&dq=%22jaque+de+aquí%22&source=bl&ots=T66eHL6bb&sig=7fsPZQ_5iC3OTHUYXjFvvgcoiVg&hl=gl&sa=X&ei=dNZpVJ_PBdjval_ZgrAP&ved=0CEgQ6AEwBw#v=onepage&q=%22jaque%20de%20aquí%22&f=false)]. [17.11.2014].] Na páxina 376 no Tomo II do *Diccionario castellano con las voces de ciencias y artes y sus correspondientes de las tres lenguas francesa, latina e italiana* de Esteban Terreros y Pando JAQUE DE AQUÍ: Lo mismo que *marche de aquí, ó marchemos*, V publicado no 1787. [[http://books.google.es/books?id=1SU3vKYK7pcC&pg=PA376&lpg=PA376&dq=%22jaque+de+aquí%22&source=bl&ots=yCzzkldtjE&sig=k4zv261\\_QelXVJx88Ooqx38GsDs&hl=gl&sa=X&ei=N9ZpVKOGFIK1aeHhgBgk&ved=0CEMQ6AEwBg#v=onepage&q=%22jaque%20de%20aquí%22&f=false](http://books.google.es/books?id=1SU3vKYK7pcC&pg=PA376&lpg=PA376&dq=%22jaque+de+aquí%22&source=bl&ots=yCzzkldtjE&sig=k4zv261_QelXVJx88Ooqx38GsDs&hl=gl&sa=X&ei=N9ZpVKOGFIK1aeHhgBgk&ved=0CEMQ6AEwBg#v=onepage&q=%22jaque%20de%20aquí%22&f=false)]. [16.11.2014].

GOOGLE. 0 citas válidas. Hay varias pero todas son de obras do Século de Ouro ou de dicionarios que explican fraseoloxismos obsoletos.

COMENTARIO. Como acontece cos fraseoloxismos que perderon vixencia e uso, a maior parte das aparicións son ou citas do famoso verso de Lope de Vega ou explicacións e equivalencias en textos ingleses<sup>17</sup> ou franceses sobre o xadrez: [<http://www.monoculartimes.co.uk/avantgardening/gameofchess.shtml>]. [16.11.2014].

### 1.6. Entrar por la boca-manga y sacar por el cabezón. [1752].

Què ès esto, otra cosa, sinó representar el Entremès, en que, para bañar D<sup>a</sup>.Sancha, à Mudarra, de ser su hijo lexítimo; *le entró por la boca-manga de su Camisa, y le sacó por el Cabezón*. No prueba esto, una pernicioso Pandilla de los Colegiales, contra los que no lo son? Poco sería esto, sino hubiese la otra Pandilla, en los Colegios, de unos, con otros Colegiales, para avultar el numero de los de su País. Y esta Pandilla, asi en general, como en particular, se vâ continuando, asta la vegèz, ò Chochez, quando mas devia no averla; por la circunstancia, de proponer al Rey los sugetos, que se deben premiar. (SARMIENTO 1752:99r).<sup>18</sup>

Varela-Kubarth: Non figura.

Seco: Non figura.

Cantera - Gomis: Non figura.

<sup>17</sup> The expression “*Check!*” is used when a player attacks the enemy king, forcing the latter either to move squares or to protect itself by moving another piece forward. In Arabic *hashahs* means to be careful, protect oneself, withdraw, flee. The Arabic *sââq* [he chased] is rendered in Spanish by *jaque* [check!]. The popular expression *¡Jaque de aquí!* is equivalent to *Clear off!* [Fr. *dégage!*]. It will be recalled that in Spain the name for chess is *ajedrez* (distortion of *ash-Shatranj*). [<http://www.monoculartimes.co.uk/avantgardening/gameofchess.shtml>]. [16.11.2014]

<sup>18</sup> No TFG: entrar pola manga e saír polo cabezón.

MKleiser: 359: *Entrar por la manga, y salir por el cabezón*. Z, R, C. (Según R., nació el dicho de la ceremonia empleada antiguamente en Castilla para prohijar, que consistía en hacer con el adoptado lo que el refrán dice, vistiendo la madre adoptante ropa especial que lo permitiera, como símbolo, sin duda, de un alumbramiento. Hoy se aplica contra los que abusan de la bondad ajena). // 30.431: *El hijo ajeno entra por la manga y sale por el cabezón*. R-M. // 32.924: *Entró por la manga y salió por el cabezón*. C.

DRAE: Non figura.

CREA: 1 cita (+ recente: 1992): *Eso dice ahora que está en peligro, pero después no habrá quien contenga las ambiciones del hideputa. Si lo dejamos bajar, con seguridad "entrará por la manga y al cabo saldrá por el cabezón"* [<http://corpus.rae.es/cgi-bin/crpsrvEx.dll?visualizar?tipo1=5&tipo2=0&iniltem=62&ordenar1=3&ordenar2=0&FID=160614\013\C003O16062014135556150.1004.1000&desc={B}+{I}+cabez%F3n{I},+en+todos+los+medios,+en+{I}>]CREA+{I}+{B}{BR}&tamVen=1&marcas=0#aciert62]. [3.11.2014]

WEBCORP: 3 citas. (+ recente: 2014). *De aquí vienen frases que anteceden a la nuestra, como metelo por la manga y salirse os ha por el cabezón o entrar por la bocamanga y salir por el cabezón*. [<http://www.aulafacil.com/articulos/sabias/t816/el-origen-de-la-expresion-meterte-en-camisa-de-once-varas>]. [15.8.2014].

GOOGLE: 3 citas. (+ recente: 1737). *Enseña, que esta acción de entrar por la Manga, y sacar por el Cabezón era ceremonia de la adopcion antiguamente practicada en España* [[http://books.google.es/books?id=BsUBAAAAYAAJ&pg=PA133&lpg=PA133&dq=%22entrar+por+la+manga+y+sacar%22&source=bl&ots=AFwdCirlr5&sig=kkFQKtQMowwguS\\_Belrif5jdd-k&hl=gl&sa=X&ei=zQCgU6zINcrLQOXUpYBw&ved=0CC4Q6AEwBA#v=onepage&q=%22entrar%20por%20la%20manga%20y%20sacar%22&f=false](http://books.google.es/books?id=BsUBAAAAYAAJ&pg=PA133&lpg=PA133&dq=%22entrar+por+la+manga+y+sacar%22&source=bl&ots=AFwdCirlr5&sig=kkFQKtQMowwguS_Belrif5jdd-k&hl=gl&sa=X&ei=zQCgU6zINcrLQOXUpYBw&ved=0CC4Q6AEwBA#v=onepage&q=%22entrar%20por%20la%20manga%20y%20sacar%22&f=false)]. [3.11.2014]

3 citas. (+ recente: 2010). Eduardo González Palomar. Thursday, November 18, 2010. *Entrar por la manga y salir por el cabezón. Legión son los que desde instituciones públicas en Catalunya -ayuntamientos- se arrojan facultades que nadie en democracia les ha otorgado*. [<http://eduardo-gonzalez-palomar.blogspot.com.es/2010/11/entrar-por-la-manga-y-salir-por-el.html>]. [3.11.2014]

COMENTARIO: Obsérvese que nas escasas pervivencias os verbos cambiaron: *entrar*, co significado de “introducir” pasou de transitivo a intransitivo (“introducirse”) e, consecuentemente, o segundo verbo cambiou de *sacar* (“extraer”) a *salir*: Pero parece que a forma *entrar* ~ *sacar*, que aínda usa Sarmiento no séc. XVIII, xa estaba en crise, porque no século anterior (1674) xa Covarrubias rexistrara *entrar* ~ *salir* que é a que chegou ó séc. XX: *Entrar por la manga, y salir por el cabeçon: Dizese del que auiendo tenido alguna cabida con persona poderosa, ô señor, se ha ido poco a poco apoderando dêl; de manera que se alça con todo, queriendo mandar tanto, y a vezes mas que êl* (Covarrubias Tesoro 1611: f 240v remite a 112 r).

### 1.7. Hacer [a uno] *la mamola*. [1730].

*Mamòla. Hacer â uno la mamola* Es hacer escarnio, ô es poniendo el pulgar en la barba extendiendo<sup>19</sup> verticalmente los dedos y sacando la lengua, y corresponde al *Nulla Ciconia pinxit*<sup>20</sup> del Satírico Persio; ô es poniendo los pulgares en los oydos extendiendo los dedos, ymitando así a un Asno con orejas, y corresponde al *Nec manus aurículas imitata est mobilis albas*; del mismo Persio, Satira 1ª. Uno, y otro se usa oy, y se usaba entre los Romanos. (Sarmiento 1730).

<sup>19</sup> Sic, seguramente por extendiendo.

<sup>20</sup> O manuscrito de Sarmiento di pinxit pero outros editores de Persio len pinsit (de *pinso* “machacar”) col valor de “machaca-la cegoña a alguén”.

Varela-Kubarth: Non figura.

Seco: Non figura.

Cantera - Gomis: *Hacer la mamola* (a alguien). a. Darle golpecitos debajo de la barbilla en señal de desprecio. b. Tratarlo como si fuera bobo.

CREA: 1 cita. *Ya estoy sentado, Arrieta, ¿me oyes? Me he sentado aquí, plácidamente, y aquí me quedará hasta que te canses de hacerme la mamola... o hasta que uno de esos malditos indios que andan sueltos por ahí te quite las ganas de broma clavándote en el culo una flecha envenenada...* (SANCHIS SINISTERRA, José (1986): Lope de Aguirre, traidor. Madrid: Centro de Documentación Teatral) [3.11.2014]

WEBCORP: 3 citas. *mamola s. f. Caricia o burla que se hace tocando con la mano debajo de la barbilla de otra persona. Traducciones mamola SF dar o hacer la mamola a algn (lit) →to tickle o chuck sb under the chin (fig) → to take sb for a ride* [http://www.webcorp.org.uk/live/view.jsp?query=mamola&uri=htp%3A%2F%2Fes.thefreedictionary.com%2Fmamola]. [3.11.2014]. Rexístranse tamén diversas consultas en portais especializados sobre o significado desta palabra.

GOOGLE: > 3000 citas *Apadrina una palabra. MAMOLA. Motivos para apadrinar: Porque en mi pueblo de la costa alicantina se usa muchísimo (Desde España). Motivos para apadrinar: Mamola significa pasar la mano por debajo de la barbilla en signo de burla. Ejemplo. Hacer la mamola. (lambonear). (Desde España). Motivos para apadrinar: Cuando nació mi hija, Manuela, mi madre y mi abuela materna dijeron que tenía la misma mamola que su padre (la niña es igual que él). El padre de la criatura se sorprendió al oír dicha palabra. No la había oído nunca. Así que para mí se ha convertido en una palabra amiga, familiar y entrañable. (Desde España)* [http://www.reservadepalabras.org/apadrinar.php?palabra=mamola] [10.9.2014].

COMENTARIO. Interesante dato fraseoloxía xestual, porque os dous xestos (a mamola e os dedos nas orellas) son xestos romanos de burla que estaban vivos en tempo de Sarmiento e que, con certos matices, aínda están vivos hoxe. Con todo o pinta-la cegoña era diferente: consistía en face-la risa de alguén poñéndolle por detrás del os dedos retorcidos sobre o índice, a maneira de pico de cegoña. O texto de Persio fala da crítica que se lle fai a alguén por detrás e por iso considera afortunado o deus Xano (Ianus) porque, como tiña dúas caras, ninguén lle podía face-la risa por detrás, porque o vería coa cara traseira. Persio, en definitiva, di que ninguén lle pode face-la cegoña a Xano.

GOOGLE: 4 citas (+ recente: 2014). *¿Por qué esta tenacidad? ¿Por qué no se ha escrito esa historia? Por varias razones, algunas muy íntimas, que no hay para qué exponer. Ni su publicación hace falta para el objeto de la historia. Pero todo tiene fin; y si no lo han tenido las peticiones, por aquello de si perseveraverit pulsans, que estamos meditando estos días con la Santa Iglesia, o por lo otro de «el pobre importuno saca mendrugo», que repite el pueblo, lo tienen las resistencias por lo de «tanto y tanto va el cántaro a la fuente que al final se rompe»*. [http://somos.vicencianos.org/blog/memorias-de-un-paul-la-iglesia-del-cid-i]. [3.11.2014].

<sup>69</sup> No TFG non figura. Paralelos son estes: *Probe que moito pedicha, sempre gana algún codelo* [RODGO3:193]. *Probe que moito pidicha, ó fin recolle cadela.* [VSACO:720,19231]. En PRIETO non figura

### 3.33. Por el pan baila el perro. [1746].

Facía baylare/ o can por diñeyro;/ pedía nas ruas/ ô pan para ô cego. [...] Facía baylare. El infinitivo gallego baylare, viene del latín ballo, y del griego ballizo, saltare, tripudiare. Lo restante es latín fácil [...] Es adagio por el pan baila el perro. (525 r.) (SARMIENTO 1746: 431-432).<sup>70</sup>

MKleiser: 34.256: *Menea la cola el can, no por tí, sino por el pan.* N, C. // 34.258: *Por el pan baila el can.* R-M. // 34.259: *Por pan baila el perro, que no por el dueño.* R-M. // 18.265: *Por el dinero baila el perro.* S, Z, N. // 18.266: *Por dinero baila el perro, y por pan si se lo dan.* C. // 18.267: *Por el dinero baila el perro y salta por el cerco.* C. // 18.268: *Por dinero baila el perro; no por el son que le toca el ciego.* R-M. // 18.269: *Por dinero canta el ciego y baila el perro.* R-M. // 18.270: *Por dinero baila el perro, y hay bautizo, boda y entierro.* R-M.

RMultilingüe: Só figura como var. *Por pan baila el perro* na entrada *Por dinero baila el perro*. Outras variantes de uso actual: *Por dinero baila el can* (Argentina). (1001 n° 804) *...el chango*. (California, Texas). (1001 n° 804) *... el mono*. (Cuba). (1001 n° 804). *Por la plata baila el can* (Argentina) (1001 n° 804). [3.11.2014].

CREA: 0 citas. [3.11.2014].

WEBCORP: 11 citas. (+ recente: 2014): *pues hubiera jurado que había leído que el betis tenía interés, en cuanto al valencia venderá y entonces con tres o cuatro se lo llevará, no sería el primero ( nando, vicentín, juanfran, que yo recuerde, mi padre me dice algunos más que yo ni he oído hablar) ya sabes, por el pan baila el perro, saludos.* [<http://www.marca.com/2013/06/16/futbol/equipos/levante/1371373455.htm>] [20.11.2014].

GOOGLE: 75 citas (+ recente: 2014). *El hacker del jailbreak Geohot muestra un root para el Galaxy S5 (...). El paci dijo hace 3 días Hace muy bien, si saca una herramienta que le puede reportar un beneficio, mas se motivara para sacar herramientas para el futuro, como dice el dicho "por el pan baila el perro"* [<http://www.actualidadiphone.com/2014/06/16/el-hacker-del-jailbreak-geohot-muestra-un-root-para-el-galaxy-s5/>]. [3.11.2014].

### 3.34. Quando el Cura lo dice, estudiado lo tiene. [1752].

O! y quantos sonrojos se verían en las Caras de algunos descarados Abogados, y en las de algunos Jueces, de los que sentencian con las Habas, á pares, ó nones; reducidos á

<sup>70</sup> Aínda que Sarmiento cita este refrán en castelán, é para comentar unha cantiga galega (a 66 do seu *Coloquio de los 24 rústicos* co que inaugurou a filoloxía comparada). Por certo, a forma galega deste refrán é *Polo pan baila o can*, onde ademais rima *pan* con *can*. Este refrán é o 14º en orde de frecuencia (FERRO 1987:9) e aplicase a calquera situación na que unha persoa fai todo o posible para conseguir algo. (SACO2324) (SACO1228) (17851) (41202,344) (40204,75) (38119112) Debilidade do ser humano fronte á dádiva, sobre todo, cando esta é necesaria para a súa subsistencia. Ademais do recoñecemento e agradecemento, hai unha obriga de servidume á vontade de quen lle dá. Todo o mundo é vítima dos agasallos que recibe. (QUINTA220895) (42705) (ALOMO326) (43920) (IRMAN326) (44237,54) (TABOA2) (21813) *Cando á xente lle ofrecen o que lle interesa fai malabares pra conseguilo.* (37504) (LEIRO128) (21830) (21817) (PORTELA13,204) 13702,121). (IBAÑEZXXX) (44307) (21112032) (CARU22121888) (25213) (CARREA1139) (23911196) (40800) (40809) (24402,1325) *Polo pan baila o can e mais non llo dan.* (TABOA2). *Polo pan baila o can para ver se llo dan.* (34401,211) (R1460). *Por cartos baila o can e por pan, si llo dan.* (41816). *Por diñeiro baila o can e polo pan, se llo dan.* (R2115) (VSaco). *O can baila polo pan.* "O can é un animal que sempre se está movendo ó redor da xente, sobor do todo, cando quere comer". (44242) *O can baila polo pan.* (R1460) (10613). *Quen baila polo pan é o can.* (42413) (38215). *Menea o rabo o can, non por ti sinón polo pan* 998V (R3077). PRIETO. *Dálle ó rabo o can non por ti, senón polo pan.* [2007] (30644). *Dáme pan e chámame can.* [1995] (417112). *Menea a cola o can non por ti, senón polo pan.* [1995-1997] (21122-07199). *Polo pan baila o can.* [2007] (30620). [1995-1997] (21126-12402). [2007] (30636). [2003] (11616-0206). [2003] (11671-5702). [2003] (11634-2002).

hacer notorio, que avían sentenciado sobre Instrumentos, que ni entendían, ni sabían leer, ni sabían Copiar. En poner el Rey esta Ley, no hacía gracia alguna á la parte, que se creía agraviada de la ignorancia (y dejó á parte la malicia) de los que le sentenciaban en lo que no entendían; sinó que era trámite de la Justicia, que se le debía conceder. El espantajo, de que: *quando el Cura lo dice, estudiado lo tiene*, es razón de páparos; siendo constante, que ay muchos Curas, que no saben lo que dicen; ni jamás han estudiado varias materias, en que se entremeten á hablar. Esto no és injuriar ni á algunos señores Curas, ni á algunos señores Jueces; y menos, á Abogados, Escribanos, etc. El Rey, ni hace, ni puede hacer Verídico, al Escribano que, antes (9r) de venir á examinarse, era el más falsario, inquieto, malvado, y orgulloso, del Pueblo; y que se metió á escribano para tener ocasión, y Capa, de sus tiranías. El Rey, no hace Docto, timorato, y justificado en su Conducta, al Abogado, que siendo un pobre Zampatortas, se metió a ese fácil Oficio, para comer á ambos Carrillos, preparado á sugerir, que en el Pleyto entre Juan, y Pedro; si defiende á Pedro, son falsos los Instrumentos de Juan; y si defiende á Juan, son falsos los Instrumentos de Pedro. Y generalmente, quando no sabe leer, siquiera, ni los Instrumentos de Pedro, ni los Instrumentos de Juan. O! si volviese á revivir la antigua Ley de Castilla, por la qual, el Abogado que no tropezaba en defender qualquiera Causa, sinó ganaba el pleyto, no recibía un maravedí, ni antes, ni en el medio, ni despues del pleyto! De ese modo, se atajarían muchos pleytos, muchas iniquidades, muchas demoras, y muchas estafas. Tampoco el Rey hace Eruditos, Críticos, y reflexivos, á los Jueces, si antes no tienen yá esas prendas intelectuales; ni jamás podrá hacer, que el Juez, que por sí mismo, no entiende, ni sabe leer un Instrumento antiguo, pueda discernir de su contexto, y Calidades; y sentenciar con acierto, en lo que, ni él, ni el Abogado, ni el Escribano, han estudiado jamás. El Rey, jamás há pensado en autorizar ignorancias; y menos, sus resultas, en daño de tercero. (SARMIENTO 1752:8v-9r).<sup>71</sup>

MKleiser: 56.993: *Cuando el cura lo dice, en su libro estará –o estudiado lo tiene*. R-M.

RMultilingüe: Non figura. [3.11.2014].

CREA: 0 citas. [3.11.2014].

WEBCORP: 0 citas. [3.11.2014].

GOOGLE: 1 cita. Hai máis pero só a terceira é recente e, aínda así, é máis unha explicación ca un verdadeiro uso. *Quando el cura lo dice, estudiado lo tiene* (con *quando* con *q*) aparece 3 veces a mesma cita de CERNADAS CASTRO, Diego Antonio (1789): *Obras en prosa y verso del Cura de Fruime*.... *Llevar el gato en la pobre despensa de mi cholla. No llore, P. R. que no se pierde, no digo yo un talento, pero ni un teruncio; y mire, que quando el Cura lo dice, estudiado lo tiene, y V. R. tambien lo sabe, sino que se quiere hacer zonzos. // Con c aparece 5 veces ¿Qué más es necesario para creer que son tan ciertos como los artículos de la le? porque cuando el cura lo dice estudiado lo tiene, y si no lo estudió, ¿qué me importa?* [FERNÁNDEZ DE LIZARDI, José Joaquín (1842): La educación de las mugeres: ó La Quijotita y su prima] -*Cuando el cura lo dice, estudiado lo tiene*. *Se dice de algo que sabemos que procede de buena tinta y no hay motivo para ponerlo en duda*. Foro de refráns [<http://www.pueblos-espana.org/castilla+la+mancha/cuenca/alconchel+de+la+estrella/foro-tema/223687/>]. [3.11.2014].

<sup>71</sup> No TFG non figura. Similares no contido serían estes: *Cando os santos falan, licencia de \*Dios tein*. [7BIER224]. *Cando os santos falan, licencia de \*Dios teñen*. [VSACO:316:7835]. En PRIETO non figura.

### 3.35. *Quien adelante no mira, atrás se queda* [1762-1772]

Siempre me he reído del *fit minor ad singula sensus*<sup>72</sup> y yo le he trovado *maior fit ad singula sensus*. Y es constante que el otro dicho, *Quien adelante no mira, atrás se queda*, acusa a los que se contentan con lo presente y, como dicen, con solo lo que es del día. Y yo, en un papel histórico, trové así: *Quien atrás no mira, atrás se queda*, y los más de los desaciertos de las providencias civiles proceden de que no se mira ni atrás ni adelante. (SARMIENTO 1762-1772: 6587).

MKleiser: 18.031 *Quien adelante no mira, atrás se queda*. R.M.

RMultilingüe: *Quien adelante no mira, atrás se queda*. Anima a tratar de luchar en todo momento para conseguir tener éxito. Variante: *Quien adelante no cata, atrás se halla*. [3.11.2014].

CREA: Non figura e só presenta unha cita que di ser variante dun “refrán gallego” que traduce. No es que todo esto no mereza castigo, que sin duda sí lo merece, pero como dice un refrán gallego “*Quien adelante no mira, atrás no vuelve*”, y perdónenme señores políticos, pero se siguen engañando, y no traten de confundir más de lo que ya estamos, tratando de sacar jugo de la miseria de todos nosotros y les pido a todos los políticos de colores y formas que colaboren en la recuperación de Galicia y de sus gentes, dejando para otro momento y lugar su guerra particular por alzarse con el codiciado “poder” que 0 citas. [Diario digital de Ferrol, 03/12/2002]. [<http://corpus.rae.es/cgi-bin/crpsrvEx.dll>]. [3.11.2014].

WEBCORP: 74 citas. Normalmente ofrece a forma canónica, aínda que alternado *Quien adelante...* con *El que adelante...* 34 citas. Tamén encontramos unha vez a variante *Quien adelante no mira, atrás se halla*. [3.11.2014].

GOOGLE: 7.160 citas. (+ recente 2013) *Con el movimiento uno se deshace de los síntomas más rápidamente. Quien adelante no mira, atrás se queda. Así que a pesar del dolor debe mantenerse en movimiento.* [<http://puresupplements.info/es/category/dolor-en-la-parte-inferior-de-la-espalda/>] *Más como quien adelante no mira atrás se halla, mirando yo que un alma sola ni canta ni llora, y que una golondrina no hace verano, pareciéndome que debía buscar compañía...* (*Cartas con refranes de autora mexicana*). [<http://carta002.blogspot.com.es/>] [3.11.2014].

COMENTARIO: Neste parágrafo Sarmiento desautomatiza dous refráns. O primeiro caso é un fragmento dun axioma de Aristóteles que circulaba como axioma ou refrán latino e que na súa forma plena sería *Pluribus intentus fit minor ad singula sensus* (“Atendendo a varias cousas tense menor percepción de cada unha delas”) e vén ser sinónimo do refrán *El que mucho abarca poco aprieta*. (CANTERA 2005: 176,2310). Pero Sarmiento ve as cousas con outra perspectiva e modificación en [*Pluribus intentus*] *maior fit ad singula sensus* que podíamos traducir “Atendendo a varias cousas tense maior percepción de cada unha delas”; é dicir, cando a perspectiva é maior, estamos en condicións de valorar máis axeitadamente cada parte do conxunto. O segundo caso é o refrán *Quien adelante no mira, atrás se queda* e neste caso Sarmiento tamén o altera en *Quien atrás no mira, atrás se queda*, que está máis en consonancia co seu firme pensamento de pousa-los pés na terra para saber ben de onde vimos e poder planifica-lo futuro cos recursos reais que temos e coa experiencia acumulada pola historia. Como se ve na cita do CREA tamén se seguían producindo variacións en 2002.

<sup>72</sup> Fragmento de un refrán latino (que en realidade procede dun axioma de Aristóteles) e que, completo, sería *Pluribus intentus fit minor ad singula sensus* “Atendendo a varias cousas tense menor percepción de cada unha delas” que vén ser sinónimo do refrán *El que mucho abarca poco aprieta*. (CANTERA 2005: 176,2310).

### 3.36. *Reniego del oficio, que no dá de comer a su dueño.* [1752].

Si alguno de esos se casa, echa antes fuera de España, el valor de dos Dozes à titulo de Coches, Galas, Vestidos, y Joyas. Empobrezense ellos; empobrezan la Monarquía; y empobrezan à la multitud; de modo que pocos tengan que comer; y muchos huyan de casarse; y todos huyan tambien del inutil oficio de Labradores. Esto ultimo, con mucha razon; pues ninguno està pribado de arreglarse al Adagio comun: *Reniego del Oficio, que no dà de comer a su Dueño.* (SARMIENTO 1752:130v).<sup>73</sup>

MKleiser: 46.610: *Oficio es malo el que no da de comer a su amo.* R-M. // 46.617: *Ruin es el oficio que no da de comer a su dueño.* R-M.

RMultilingüe: Non figura. [3.11.2014].

CREA: 32 citas. *Oficio que no da de comer a su dueño, no vale dos habas* (citado por FISAS, Carlos (1983): *Historias de la Historia*) [<http://corpus.rae.es/cgi-bin/crpsrvEx.dll?visualizar?tipo1=5&tipo2=0&initem=0&ordenar1=0&ordenar2=0&FID=051114\012\C000005112014125407648.1060.1056&desc={B}+{I}+da+de+comer+a+su+dueño%F1o{I},+en+todos+los+medios,+en+{I}CREA+{I}+{B}{BR}&tamVen=1&marcas=0#acierto0>]. [4.10.2014].

WEBCORP: 1 cita. *escribio Miguel de Cervantes que "oficio que no da de comer a su dueño no vale dos habas" lo positivo es que hay mayor competencia y esta siempre ayuda a mejorar en todos los sentidos, así es que hoy te piensas dos o más veces comprar un disco y el resultado es ser más selectivo y no comprar cualquier disco, dvd, blu ray o quimera...* [<http://www.faustoponce.com/mix-up-se-tambalea/>] [3.11.2014].

GOOGLE: 1 cita. *bien menciona Cervantes en "El Quijote", en el capitulo del banquete de sancho panza: "...Oficio que no da de comer a su amo, no vale dos habas"...* y esa frase me ha perseguido desde siempre, ya que si no se vender mi espectáculo, si mi payaso no me da ni para comer, pues mejor me dedico a otra cosa [<http://www.metroflog.com/cascarin/20090403/1>] [3.11.2014].

### 3.37. *Reniego del que a palos há de ser bueno.* [1752].

Los Superiores, en materias de virtud, y Literatura, jamás deben hacer de Comitres de Galera, ni de Sargentos de soldados, que reducen su Rethorica á palos y a azotes. *Reniego*, dicen, *del que a palos há de ser bueno.* Y yo reniego mucho mas del que ha de ser Docto a repetidos azotes. Y si hay mucho mas que renegar, eso mucho mas, reniego, del que lo cree, y piensa poner en execucion. Si el Diablo diese en la mania (y se le permitiese) de que los hombres havian de ser pecadores, a palos, y mojicones, no tendria tantos sequazes. Pero es muy advertido el Diablo, para ser tan tonto, como algunos hombres. Save el Demonio, que, aun siendo del gusto y apetito de Pedro la materia del Pecado, y de tal Pecado, no conseguirá que peque, si Pedro save, que interviene imperio, amenazas, ó castigos, que le obliguen a pecar. (SARMIENTO 1752:33r)<sup>74</sup>.

MKleiser: 9.962: *Reniego del árbol que da el fruto a palos.* R-M. // 49.665: *Maldito el árbol que echa la fruta a fuerza de palos.* // 63.929: *El villano y el nogal, a palos dan lo que han.* N, C. // 63930: *Los villanos dan el fruto a palos.* R-M.

RMultilingüe: Non figura. [3.11.2014].

<sup>73</sup> No TFG non figura.

<sup>74</sup> A mesma idea expresa o refrán *Renego do \*árbol que dá o froito a paus*, que Vázquez Saco comenta así: "Contra los que no obran bien, sino a fuerza de castigos" (VSACO 2003:79,1915). En PRIETO non figura.

CREA: 0 citas. [3.11.2014].

WEBCORP: 0 citas. [3.11.2014].

GOOGLE: 0 citas, se prescindimos das que son simples listaxes. Variante: *Reniego del árbol que a palos ha de dar su fruto*. en 37 resultados. Todas son listaxes como [http://www.ciudad-real.es/varios/refranero/r.php]. [3.11.2014].

### 3.38. *Romero hito saca zatico*. [1746].

La voz romero es muy antigua en castellano, pues el poeta Berceo, coetáneo de San Fernando, la usa citando el adagio *Romero hito saca zatico*, que después se alteró en este otro *Pobre inoportuno saca mendrugo*. (SARMIENTO 1746:193).

No es impropio comparar los pobres a las moscas, por razón de la importunidad y persistencia en pedir y moler. *Romero hito, saca zatico* es adagio muy antiguo en España. Y este se perifrasedó en el otro más moderno *Pobre importuno saca mendrugo*. Así pues, ese estratagema de juntar los pobres para cogerlos es lo mismo que andar a caza de moscas, que, cuantas más se cazan, más se multiplican y vienen de otras partes. A Madrid vienen pobres de todas las provincias acosados de la hambre y de que en sus países no hallan limosna porque casi todos la piden (SARMIENTO 1762-1772:3844).<sup>75</sup>

No sé si este adagio se concibió en idioma castellano, que solo hablado por tradición de padres a hijos llegó hasta don Rodrigo, que le escribió en latín; o si se voceó en latín, y la *Crónica general* le escribió en castellano. El hecho es que el refrán *Do quieren reyes, allá van las leyes*, es un verso de arte mayor, o dos versos rimados de seis sílabas, o un verso sáfico. A ese tenor, el adagio *Manos duchas comen truchas*, es un verso de ocho sílabas, o dos de cuatro. El *Romero hito, saca zatico* es un verso de diez, o dos de cinco. (SARMIENTO 1762-1772:5740).

MKleiser: 40.611: *Romero hito saca zatico*. N, C. (Hito, porfiado). // 49.623: *Romero aflito, saca zatico*. S, Z, R. (En R.: "Romero hito,..").

RMultilingüe: Non figura. [3.11.2014].

CREA: 0 citas. [3.11.2014].

WEBCORP: 8 citas. (+ recente: 2012): "*Romero hito saca zatico*". *Refrán que denota la fuerza que hace la persona importuna o pesada en insistir*. [http://365palabras.blogspot.com.es/2012/12/zatico-o-zatillo.html]. [3.11.2014].

GOOGLE: 21 citas (+ recente: 2012)<sup>76</sup> *Romero hito saca zatico*. [...]. El término *zatico* o *zatillo*, proviene del vasco *zati*, "pedazo" y precisamente designa el corrusco o mendrugo, que no es

<sup>75</sup> No TFG: *Hito* é castelán antigo que significaba "persoa importuna ou pesada en insistir ou pedir" e *zatico* significaba "anaco de pan". *Algo alcanza aquel que non cansa* (VSACO:710,18917). *Cansa quen dá, que quen pide, nin cansa nin cansará* (VSACO:710,18919). En PRIETO non figura.

<sup>76</sup> El término *zatico* o *zatillo*, proviene del vasco *zati*, "pedazo" y precisamente designa el corrusco o mendrugo, que no es otra cosa que el trozo de pan duro o desechado, y especialmente el sobrante. Las dos variantes son correctas y están recogidas en la misma entrada del DRAE. Además, antiguamente, tal y como se recoge en la segunda acepción, el *zatico* era también el hombre encargado del pan en palacio. Como ejemplos de uso, hoy recurrimos a los refranes populares, siempre repletos de sabiduría.:-) "Del pan de mi compadre, gran zatico a mi ahijado". Con los bienes ajenos somos muy generosos, aunque no nos prodiguemos mucho con los propios. [http://365palabras.blogspot.com.es/2012/12/zatico-o-zatillo.html].

otra cosa que el trozo de pan duro o desechado, y especialmente el sobrante. Las dos variantes son correctas y están recogidas en la misma entrada del DRAE]. [<http://es.paperblog.com/zatico-ozatillo-1618601/>]. [3.11.2014].

### 3.39. *Téngote en lazo, palomo torcazo*. [1762-1772].

No sé si este adagio se concibió en idioma castellano, que solo hablado por tradición de padres a hijos llegó hasta don Rodrigo, que le escribió en latín; o si se voceó en latín, y la *Crónica general* le escribió en castellano. El hecho es que el refrán “*Do quieren reyes, allá van las leyes*”, es un verso de arte mayor, o dos versos rimados de seis sílabas, o un verso sáfico. A ese tenor, el adagio “*Manos duchas comen truchas*”, es un verso de ocho sílabas, o dos de cuatro. El “*Romero hito, saca zatico*” es un verso de diez, o dos de cinco. El “*Una golondrina no hace verano*” es uno de doce de arte mayor, o dos de seis sílabas. Lo mismo “*Téngote en lazo, palomo torcazo*”. (SARMIENTO 1762-1772:5740).

MKleiser: 19.581: *Téngote en el lazo, palomo torcazo*. S, Z, N, C, R-M. // 19.582: *No te me irás, paloma torcaz*. C.

RMultilingüe: Non figura. [3.11.2014].

CREA: 0 citas. [3.11.2014].

WEBCORP: 0 citas. [3.11.2014].

GOOGLE: 0 citas. [3.11.2014].

### 3.40. *Tierras, las que puedas* [1762-1772]. Véxase 3.6.

A algunos oí decir: *Tierras, las que puedas*. Es una necedad si alude a “*puedas tener*”, y aun dice poco si alude “*puedas cultivar*” si están muy distantes y no a la vista física del dueño. Así, el adagio dijo “*Tierras las que veas*”, y se infiere de la paranomasia “*vivas bebas veas*”. En parajes de Castilla suele ir el labrador a cultivar tierras distantes cuatro, seis, ocho cuartos de legua. Eso es hacer burla de la tierra, no cultivarla. Eso no es sembrar, sino echar pan a pájaros, cuervos y grajos, etc. Y más útil sería echar ese grano, o pan, a pollos y a otras aves domésticas. Debe, pues, el labrador aspirar a tener todas sus tierras juntas, y que cada instante las vea y pueda escupir en ellas, y aun inspirar y respirar en su ambiente con todos los vivientes domésticos, ya hombres, ya animales. Añádase el abono que saldrá de esos vivientes y vegetables (SARMIENTO 1762-1772:3944).

MKleiser: 7.367: *Casa en que vivas, vino que bebas, y tierras cuantas veas*. N, R-M. // 7.368: *Casa, la que habitares; tierras, las que ares*. R-M. // 7.469: *Casa, la que vivieres; hacienda, la que pudieres*. R-M. // 7.370: *Casa, para tu habitar; y tierras, cuantas puedas labrar*. R-M // 64.295 Z.-C. *Viñas cuantas bebas, tierras cuantas veas*. // 64.317 R-M. *Viña, la que baste para tu bodegaíta*. // 9.663 R.M. *Casa, en la que mores; pero más no compres*.

RMultilingüe: Non figura. [3.11.2014].

CREA: 0 citas. [3.11.2014].

WEBCORP: 1 cita (+ recente: 2011):...en la cultura popular española, siempre ha habido un dicho muy sabio: - “*casas, las que quepas; tierras, las que veas*”. *¿Qué ha pasado para que se trastocara tanto un orden natural y cultural, con consecuencias tan...* [<http://bichitos.blog.com.es/2011/01/12/inmortalidad-10351988/>]. [3.11.2014].

GOOGLE: 4 citas (+ recente: 2014): *El "pinchazo inmobiliario"ha provocado importantes estragos en todos los segmentos vinculados al sector. Sin embargo, hay un ámbito, el de las fincas rústicas, tierras de cultivo, de regadío y pastos, que han soportado mejor el envite. Los precios de este tipo de propiedades se han mantenido [...] Como dijo un agricultor por 100 Ha de secano manchego, 1000000 de Euros, por un secarral... ah, ese chalet que hicistes para follarte a tus guarillas con algún socio que caza perdices y conejos... 300000 y vas que chutas. Sigue 4 años después sin venderse. El sector primario y el medio rural va a otras velocidades y es otro mundo. Refrán más o menos, Casa la que ocupes, tierras las que puedas... [http://www.elconfidencial.com/vivienda/2014-04-29/fincas-rusticas-de-cultivo-pasto-regadio-los-activos-que-mejor-resisten-la-crisis\_123145/]. [3.11.2014].*

*El hombre que decía hablando de compras, que no adquiriría sino tierras, tierras las que veas, casa, la que vivas, se enterraba aquella tarde febril de febrero entre el calor de los suyos, tanta gente, que parecía una recogida de procesión penitencial más que un sepelio. [http://www.diariodecadiz.es/articulo/opinion/912176/paqui.html] [3.11.2014].*

### 3.41. *Una golondrina no hace verano.* [1762-1772].

No sé si este adagio se concibió en idioma castellano, que solo hablado por tradición de padres a hijos llegó hasta don Rodrigo, que le escribió en latín; o si se voceó en latín, y la *Crónica general* le escribió en castellano. El hecho es que el refrán "*Do quieren reyes, allá van las leyes*", es un verso de arte mayor, o dos versos rimados de seis sílabas, o un verso sáfico. A ese tenor, el adagio "*Manos duchas comen truchas*", es un verso de ocho sílabas, o dos de cuatro. El "*Romero hito, saca zatico*" es un verso de diez, o dos de cinco. El "*Una golondrina no hace verano*" es uno de doce de arte mayor, o dos de seis sílabas. (SARMIENTO 1762-1772:5740).

MKleiser: 23.409: *Una golondrina no hace verano.* S, N, R. // 9.272, 23.410: *Ni un dedo hace mano, ni una golondrina verano.* N, C, R-M. // 9.273, 12.943, 23.412: *Una golondrina no hace verano, ni una sola virtud bienaventurado.* C. // 23.412. *Ni una sola golondrina hace verano, ni una sola virtud bienaventurado.* R-M. // 23.411. *Ni una flor hace ramo, ni una golondrina hace verano.* R-M.

RMultilingüe: *Una (sola) golondrina no hace verano.* (Argentina, Colombia, México, Puerto Rico). (1001 nº 983). [3.11.2014].

ParemioRom: *Una golondrina no hace verano, ni una sola virtud bienaventurado.* "Verano" significa aquí genéricamente 'buen tiempo'. Paremiotipo común en muchas lenguas y conocido desde la Antigüedad. Se entiende en sentido figurado, y hace referencia a que un hecho excepcional no se puede tomar como norma. *Ni una flor hace ramo, ni una golondrina hace verano. Ni un dedo hace mano, ni una golondrina verano.* [http://stel.ub.edu/paremio-rom/es/refranes/ni-un-dedo-hace-mano-ni-una-golondrina-verano]. [5.10.2014].

CREA: 12 citas. (+ recente: 2014): *De todas maneras una golondrina no hace verano, ni dos tampoco* (ORTIZ TRIXAC, Santi: *Lances que cambiaron la Fiesta* (2012)). [http://corpus.rae.es/cgi-bin/crpsrvEx.dll?visualizar?tipo1=5&tipo2=0&initem=12&ordenar1=0&ordenar2=0&FID=051114013C000005112014131140463.1052.1048&desc={B}+{I}+hace+verano{I},+en+todos+los+medios,+en+{I}CREA+{I}+{B}{BR}&tamVen=1&marcas=0#acierto12] [4.10.2014].

WEBCORP: 138 citas (+ recente: 2014): *Se dice que una golondrina no hace verano. Pero, desde luego, con ellas empieza el despertar, el gran jolgorio de la primavera.* [http://www.elmundo.es/especiales/2008/05/ciencia/sonido\_naturaleza/sonidos\_22\_03\_2014.htm] [3.11.2014].

GOOGLE: 71.000 citas. Alta presenza en textos de América. Título dun artigo de opinión de Claudia Heiss de Chile. *Mujeres y política: una golondrina no hace verano* [http://www.inap.uchile.cl/columna-de-opinion/1382-mujeres-y-politica-una-golondrina-no-hace-verano.html] // Frase pronunciada por unha política argentina "*Una golondrina no hace verano, pero mil boludos tampoco*". La fuerte frase la pronunció esta mañana la diputada nacional Elisa Carrió al recordar un diálogo que mantuvo con el gobernador de Corrientes, el radical Ricardo Colombi, quien se quejaba porque los precandidatos



*presidenciales no recorrían el país.* [<http://www.msn.com/es-ar/noticias/national/elisa-carri%C3%B3-un-golondrina-no-hace-verano-pero-mil-boludos-tampoco/ar-BbaBcdBj>] [3.11.2014]. Tamén en México: *El impacto a la reputación de la banca por los fraudes en Banamex por parte de Oceanografía y de su propia división de seguridad privada, muestra que una golondrina no hace verano, sostuvo Luis Robles Miaja, quien este miércoles tomó la presidencia de la Asociación de Bancos de México (ABM).* [<http://www.reforma.com/aplicacioneslibre/preacceso/articulo/default.aspx?id=367756&po=4&urlredirect=http://www.reforma.com/aplicaciones/articulo/default.aspx?id=367756&po=4>] [3.11.2014].

### 3.42. *Valdebría, Valdebría, mucho bien en ti se cría.* [1762-1772].

(§ 813) En el dicho lugar de Domingo Flórez es muy trivial este dicho hablando con la cuesta: “*Valdebría, Valdebría, mucho bien en ti se cría*”. La voz *Valdebría* es corrupción ligera de *Valdeauria* o *Vallis aurea* o *Valle de oro*. El obispo de Mondoñedo se llama en lo antiguo *Vallibriensis*, aludiendo al valle de oro famoso en aquel obispado. Los antiguos que formaron aquel adagio aludieron a que en los cerros de Valdebría se criaba mucho oro. Entre los cerros colorados de Quereño, de donde se desgajan las partículas de oro al río Sil, y la punta o remate de Valdebría al norte, no media más que el río Sil que le rodea. Si el río viniese derecho, cortaría por el centro ese remate. Digo, pues, que, si se hace esa socavación artificialmente, allí resultará un puente natural como en Montefurado. En ese caso, es natural que en la socavación se tropiece con venas de oro; y, quedando en seco la madre circular que hoy tiene allí el Sil, se hallaría mucho oro en sus arenas, que allí ha estado cayendo de Noé acá. (SARMIENTO 1762-1772:813).

MKleiser: 0 citas.

RMultilingüe: 0 citas. [3.11.2014].

CREA: 0 citas. [3.11.2014].

Webcorp: 0 citas. [3.11.2014].

GOOGLE:0 citas. [3.11.2014].

## 4. Observacións en vista dos usos fraseolóxicos e paremiolóxicos do P. Sarmiento

Fr. Martín Sarmiento introducía nos seus razoamentos científicos expresións populares que el colocaba ó mesmo nivel que as citas dos sabios, dos literatos ou mesmo das citas bíblicas. El non foi fraseólogo nin paremiólogo senón un científico ilustrado, que no século XVIII situaba a experimentación como base da ciencia<sup>77</sup> e que entendía a relixión como servizo ós humildes e á verdade. Por estas dúas razóns Sarmiento tendía a encontra-la verdade, non nos poderosos e nas súas formas de adquiriren poder e riqueza e de manteren esas regalías, senón nos humildes e nas súas formas de supervivencia.

<sup>77</sup> *Desengáñense los celosos españoles que desean ver floreciente en España todo género de literatura y la perfección de las artes mecánicas. Mientras no se instruya la juventud de distintísimo modo que hasta aquí, todo será andar por las ramas, y siempre vendremos a parar en que todo nos venga de fuera; y sólo salga de nosotros el oro y la plata, para pagar nuestra desidia y nuestra espontánea ineptitud. Y llamo espontánea, porque tengo por error crasísimo lo que algunos tontos vocean: que los españoles no tienen genio para las matemáticas, sino para las ciencias muy abstractas y especulativas.* (SARMIENTO 1752: 146).

Por ser Sarmiento o que era, cando citaba un fraseoloxismo ou a unha paremia non engadía sistematicamente un comentario. E, cando o introducía, ese comentario rara vez (3.1.) tiña carácter erudito, como teñen tódalas glosas de Gonzalo Correas, as de Sbarbi e as de moitos outros. Ese camiño de escritor erudito emprendeuno en 1730, cando tiña 35 anos, pero, como queda dito en 0.1., abandonouno xa tras escribi-los primeiros folios para crear unha filoloxía máis comparativa e, sobre todo, máis humanista. Sarmiento entrou en diversas especialidades científicas pero en todas elas cun obxectivo de servizo á verdade que el case sempre encontraba nos humildes. Na fraseoloxía (e paremioloxía) encontraba grandes verdades que resaltar; pero, de cando en cando, vía tamén algunha media verdade que se debía matizar (mellorándoa cun pequeno retoque ou engádega) e tamén algunha mentira que el combatía abertamente. Sarmiento en un usuario apaixonado pero crítico e innovador do tesouro fraseolóxico, porque nunca se desviaba do que el consideraba a verdade.

#### 4.1. Resumo da pervivencia da fraseoloxía e paremioloxía castelá usada polo P. Sarmiento.

Tratemos agora de sintetiza-los datos que fomos acumulando, porque iso permitiranos ter unha visión de conxunto e, se cadra tamén, responder, preguntas que teñen que ver coa fixación fraseolóxica e paremiolóxica. ¿Seguen vivos e en uso popular os fraseoloxismos e paremias que usou ou comentou o P. Sarmiento? Usaremos estas claves: **SI** (pervive intacto); **modif.** (pervive modificado na forma ou no significado); **?** (testemuño dubidoso); **si desuso** (en desuso: que é información que ocasionalmente ofrece o Refraneiro Multilingüe do Centro Virtual Cervantes). Téñase en conta que na columna dos Dicionarios fraseolóxicos computámo-las informacións fraseolóxicas que ofrece o DRAE; que computamos como pervivencias aquelas que se dan só en España ou só en América; e que computamos como SI tamén aquelas que o R.Mult. recolle coa nota “en desuso”, pero especificámolo en cada caso e tamén, entre parénteses, no cómputo final así (Táboa 3).

Despois do cómputo numérico faremos algunhas consideracións complementarias que quizais sexan de interese para o lector.

	Dicionarios Fraseol.	CREA	WEBCORP	GOOGLE
1.1. como tres con un zapato	SI		SI	SI
1.2. dar anguilas				SI
1.3. dar un jaquimazo [a alguien]			SI	SI (Amér.)
1.4. de tiempos a tiempos	modif.	modif.	SI	SI
1.5. Ea, jaque de aquí!				
1.6. entrar por la boca-manga y sacar por el cabezón		modif.	SI	SI
1.7. hacer [a uno] la mamola	SI	SI	SI	SI
1.8. hacer la zancadilla [a alguien]	SI	SI	SI	SI
1.9. hacer pucheritos [los niños]	modif.	SI	SI	SI
1.10. jueves de comadres / compadres		SI	SI	SI (Amér.)
1.11. Llevó el diablo rocín y manzanas				

1.12. ni rey ni roque	SI	SI	SI	SI
1.13. pan y toros	SI	SI	SI	SI
1.14. poner tontos en portillo				
1.15. sacar el caballo	si			
1.16. salir del día				?
1.17. saltar en un pie		modif.	modif.	modif.
1.18. sentenciar como si fuese en Peralvillo				
1.19. ser del día	?	?	?	?
1.20. ser lágrimas de cocodrilo	modif.	modif.	modif.	modif.
1.21. ser remedios de viejas			modif.	modif.
1.22. ser un cagalaolla			SI	SI
1.23. tener un perro / una loba / una mona / una zorra	modif.	modif.	SI	SI
2.1. Por que no han venido los Gallegos				
2.2. Si no (h)ay muertes, y desgracias de hombres y de animales, no será lucida la fiesta				
2.3. Topa, Martín				
2.4. Ya me dice el médico que veo				
2.5. Yo soy el Dios visible de Uruña.				
TOTAL	6-4-1 / 28	6-5 -1/ 28	12-3-1 / 28	13-3-2 / 28

Táboa 1

	MKleiser	RMultilingüe	CREA	WEBCORP	GOOGLE
3.1. A pan de quince días, hambre de tres semanas	SI	si, desuso	SI	SI	SI
3.2. Al principio se hacen los Panes tuertos	modif			SI	SI
3.3.1. Allá van leyes do quieren reyes	SI	si, desuso	SI	SI	SI
3.3.2. Do quieren reyes, allá van las leyes	--	SI	--	--	--
3.4. Besugo mata mulo y da mulo	SI			modif.	SI
3.5. Cada gallo canta en su muladar.	SI	si, desuso	modif	SI	SI
3.6. Casas, las que vivas; viñas, las que bebas; y tierras, las que veas	SI			modif.	modif.
3.7. Castígame mi madre y yo trómpogelas					
3.8. Del dicho al hecho hay un gran trecho	modif.	SI	modif	modif.	SI
3.9. Dure la cura y corra la paga					
3.10. El comer y el rascar no quiere más que empezar	modif.	modif.	modif	modif.	SI
3.11. En casa del gaitero todos son danzantes	SI	si, desuso		SI	SI
3.12. En el país de los ciegos el que tiene un ojo es rey	modif.	modif	modif	SI	SI
3.13. En España solo hay de bueno el oro y la plata,...y el salmón					
3.14.1. Gente pobre, todo es trazas	modif.				
3.14.2. Gente pobre, todo es trampas					
3.15. Gran caballero es don dinero	modif.	modif.	modif	SI	SI
3.16. Habló el buey y dijo mu <sup>78</sup>	SI	si, desuso	SI	SI	SI
3.17. Hacienda en casas que no habite el dueño es poca lana, y esa en zarzas.	modif.				
3.18. Hay ley para todo.				SI	SI
3.19. Hay más estacas que tocino	modif.				

3.20. La letra con sangre entra	SI	SI	SI	SI	SI
3.21. La mala llaga sana, la fama mala mata.	modif.		SI	SI	SI
3.22. La santa extrema unción, es la cosa que siempre anda corriendo; y siempre llega tarde.					
3.23.1. Lo mío, mío; y lo tuyo, de entrambos	SI	si, desuso	modif	modif.	SI
3.23.2. Lo mío, todo mío; y todo lo tuyo también	modif.			modif.	modif.
3.24. Los hombres, son como las cabras, que si se unen pasadas de 100, se apestan unas á otras					
3.25. Manos duchas comen truchas	SI	si, desuso		SI	SI
3.26. Muchas maestras cohonden la novia.	SI				
3.27. Muchos manejan el arado que debieran manejar la pluma					
3.28.1. No hay tonto para su cuento.					
3.28.2. Ninguno es bobo para su cuento.					
3.28.3. A ninguno le falta memoria para su cuento.	modif.				
3.29. No por mucho madrugar amanece mas aína.	modif.	SI	modif	modif.	SI
3.30. Para perecer, y morirme de hambre, no necesito á nadie.					
3.31. Para un traidor, dos alevosos.	modif.			modif.	SI
3.32. Pobre importuno saca mendrugo	SI		modif	SI	SI
3.33. Por el pan baila el perro	modif.	modif.		SI	SI
3.34. Quando el Cura lo dice, estudiado lo tiene.	SI				SI
3.35. Quien adelante no mira, atrás se queda / halla.	SI	SI	modif.	SI	SI
3.36. Reniego del oficio, que no dá de comer a su dueño.	modif.		modif	modif.	modif.
3.37. Reniego del que a palos há de ser bueno.	modif.				modif.
3.38. Romero hito saca zatico.	SI				
3.39. Téngote en lazo, palomo torcazo	SI				
3.40. Tierras, las que puedas	modif.			modif.	modif.
3.41. Una golondrina no hace verano	SI	SI	SI	SI	SI
3.42. Valdebría, Valdebría, mucho bien en ti se cría					
TOTAL	17-16-0/ 42	6-4-6/ 42	6-10-0/ 42	16-9-0 /42	23-4-0 / 42

Táboa 2

<sup>78</sup> Non se dá como vivo, porque a única cita é do propio Correas.

FRASEOLOXÍA		D.Fras.	CREA	WEBCORP	GOOGLE	Total	%
	SI (figuran ou perviven)	6	6	12	13	37	33,03
	Modificados	4	5	3	3	15	13,39
	Dubidosos	1	1	1	2	5	4,46
	NON (figuran)	17	16	12	10	55	49,10
	TOTAL	28	28	28	28	112	99,98

PAREMIOLOXÍA		MKleiser	RMult.	CREA	WEB CORP	GOOGLE	Total	%
	SI (figuran ou perviven)	17	6 <sup>79</sup>	6	16	23	68	32,38
	Modificados	16	4	10	9	4	43	20,47
	En desuso	0	6	0	0	0	6	2,85
	NON (figuran)	9	26	26	17	15	93	44,28
	TOTAL	42	42	42	42	42	210	99,98

Táboa 3

#### 4.1.1. ¿Pódese medi-la durabilidade da fixación fraseolóxica e paremiolóxica?

En 1.15, 1.16 e 1.19 vimos que Sarmiento citaba como moi vivas en Madrid no tempo del as locucións *sacar el caballo e salir del día*<sup>80</sup> *que 242 anos despois parece que xa non usa ninguén. Outro tanto acontece con En España solo hay de bueno el oro y la plata* (3.13), cousa que nos sorprende porque, neste caso, el detecta incluso a circulación dunha versión ampliada (... *y el salmón*) e estas ampliacións testemuñan e forzan a vitalidade do refrán.

Algo semellante é o que acontece con *Casas, las que vivas; viñas, las que bebas; y tierras, las que veas* (3.6.) do que un internauta escribe como cousa xa inactual “*Para nuestros abuelos tenía valor de aforismo o de artículo constitucional este refranejo: - Casa en la que vivas, viña en la que bebas, y tierras cuantas veas y puedas*”.

Todo isto ponnos ante o feito da mortalidade fraseolóxica e paremiolóxica nun período curto de tempo e isto parece contradici-lo principio fundamental da fraseoloxía: fixación e estabilidade. A fixación é un dos elementos esenciais do *discurso repetido*. Parece que, cando unha sintagma ou frase feliz empeza a circular e se converte en fraseoloxismo ou paremia, xa queda protexido pola fixación. Pero xa Mokienko nos aprendeu que na fraseoloxía funcionan seis dicotomías en implicación dialéctica; e que a primeira delas é precisamente a estabilidade ~ inestabilidade (Mokienko 2000: 27-92).

<sup>79</sup> O refrán 3.3. ten dúas variantes: unha que o RMultilingüe recolle como viva e outra que anota como “en desuso”. Contabilizamos este refrán como vivo.

<sup>80</sup> Para ben ser, hai que dicir que tamén cita *ser del día* pero, como dixemos en 1.19, non demos descifrado o significado que el atribuía a esta locución.

¿Canto dura unha unidade fixa no uso da xente? ¿Canto dura a fixación? Neste traballo ofrecemos probas, aparentemente obxectivas, que (tamén aparentemente) certifican a defunción de numerosas unidades que Sarmiento aínda utilizou como vivas hai 242 anos (morreu en 1772). Pero ¿podemos realmente con estes datos medi-la fixación? A pregunta é tentadora pero nós estamos lonxe de poder respondela, porque, aínda que traballemos cun corpus detectado en vivo, no uso discursivo, a un único escritor da segunda metade do século XVIII, e aínda que o comparemos con córpora actuais de suficiente potencia e fiabilidade<sup>81</sup>, cumpriría traballar cun corpus moito máis extenso.

Non pretendemos, polo tanto, responder tamaña pregunta con datos dun único escritor. Pero algo debemos dicir da pervivencia actual. Vexamos. O cómputo dos datos nas Táboas 1 e 2 permitiunos facer unha visión global (Táboa 3) que nos leva a pensar

- que a durabilidade fraseolóxica e a paremiolóxica son bastante semellantes: perviven intactos un 33% dos fraseoloxismos e un 32% dos refráns;
- que pervive modificado un 13% dos fraseoloxismos (e mais un 4% de dubidosos) e un 20% dos refráns;
- que non figura actualmente (é dicir, aparentemente caeu en desuso) un 49% dos fraseoloxismos e un 44% das paremias (ó que se podería engadi-lo 3% que algúns consideran en desuso).

Digámolo doutro xeito: a táboa 3 indica que no 2014 (242 anos despois da morte do P. Sarmiento) aparentemente seguen vivos (intactos ou modificados) aproximadamente o 46% dos fraseoloxismos e un 52% das paremias que el usou. Disto parece derivarse que aparentemente a mortalidade fraseolóxica podería cifrarse no 54%; e a paremiolóxica, no 48%.

Sorpréndenos tamaña “mortalidade” en 242 anos pero ese dato é complementario do feito de que só 5 fraseoloxismos (*hacer la mamola*, *hacer la zancadilla*, *hacer pucheritos*, *ni rey ni roque* e *pan y toros*) e só 2 refráns (*La letra con sangre entra* e *Una golondrina no hace verano*) aparecen intactos en tódolos índices de uso actual.

Tamén chama a atención a total extinción das frases proverbiais que o P. Sarmiento cita como proverbiais no seu tempo<sup>82</sup>. Non sabemos que conclusión extraer deste feito pero do que non nos queda dúbida é de que Sarmiento as cita como correntes no seu tempo.

Con todo, admitimos e reiteramos que unha resposta cabal a unha pregunta tamaña (¿canto dura a fixación fraseolóxica?) precisa maiores volumes de documentación e, se cadra, métodos máis precisos de cómputo, entre outras cousas, polo que diremos a continuación.

<sup>81</sup> O corpus que máis unidades rexistra é o *Refranero* de Martínez Kleiser, pero este dato non é moi significativo, posto que é un refraneiro pancrónico, onde se acumulan a maior parte dos refraneiros hispanos anteriores a 1953 e, por suposto, tamén os anteriores ó propio P. Sarmiento.

<sup>82</sup> Aquí entraría tamén aquel *En España solo hay de bueno el oro y la plata* (3.13.) que mesmo circularía cunha ampliación (y *el salmón* –añadió uno).

#### 4.1.2. As citas actuais en Internet poden indicar vitalidade pero tamén obsolescencia

Coidamos que, en lei dereita, non se pode falar de pervivencias efectivas e de mortalidade efectiva, se non se manexan fontes orais actuais. Nós non manexamos fontes orais

Pero algúns datos que ofrece a Internet, nalgunha medida, son unha oralidade virtual, é dicir, unha escrita moi próxima á oralidade (blogues, artigos, publicidade, cartas e similares). Calquera que busque citas de *Allá van leyes, do quieren reyes* ou de *Hay ley para todo* encontrará na Rede probas moi vivas de usos referidos ó estado da política actual. Todo iso non existiría se na oralidade non corresen tamén eses vellos refráns.

Por outra banda, cando a Internet ofrece moitas citas dun refrán ou, como é o caso de *Lo mío, mío; y todo lo tuyo también* (3.23), ofrece numerosas variantes (*Todo lo mío es mío y todo lo tuyo es mío; Lo mío mío y lo tuyo mío también; Lo mío, mío y lo tuyo también mío; Lo mío mío y lo tuyo para mí; Lo mío mío y lo tuyo de todos*), estanos revelando unha especial vitalidade no uso actual dese fraseoloxismo ou desa paremia.

A pesar de todo, este uso da Internet como fonte “oral” ou como índice de pervivencia actual require algúns matices e controis. Porque, aínda que a priori a Rede é un magnífico indicio da circulación, a abundancia de citas na Internet (no noso caso Webcorp e Google) non sempre indica verdadeira pervivencia dese fraseoloxismo ou paremia.

- Por veces as aparicións dun fraseoloxismo ou paremia na Internet responden a unha cita erudita dun texto antigo, a un listado que alguén acaba de subir ou á cita explicativa dun dicionario (*En casa del gaitero todos son danzantes* 3.11).
- Outras citas de internet conteñen a pregunta dun internauta verbo do significado dunha expresión que el xa non usa ou que non entende e, a continuación, interveñen numerosos internautas achegando as súas clarificacións máis ou menos eruditas (3.26).
- Outras citas de internet conteñen a pregunta dun internauta verbo de como se di noutra lingua un determinado fraseoloxismo, como acontece na cita de WEBCORP para *Hay más estacas que tocino* (3.19).

Todas estas intervencións suman pero non sempre documentan que ese fraseoloxismo ou paremia circulen no uso vivo actual. En lei dereita habería que entrar en cada unha desas citas, computa-los casos de uso natural e espontáneo e xebralos dos que son consultas, listados ou clarificacións máis ou menos eruditas. Se os primeiros documentan a circulación actual, os segundos documentan a estrañeza, a obsolescencia, é dicir, a falta de circulación. Poñeremos tres exemplos clarificadores. *De aquí vienen frases que anteceden a la nuestra, como metelo por la manga y salirse os ha por el cabezón o entrar por la bocamanga y salir por el cabezón* (1.6.) é unha pura explicación etimolóxica e non necesariamente unha proba de uso actual. Tampouco indica plena vixencia esta cita: *Para nuestros abuelos tenía valor de aforismo o de artículo constitucional este refranejo: - Casa en la que vivas, viña en la que bebas, y tierras cuantas veas y puedas* (3.6.).

Pero hai outros casos nos que a obsolescencia xa é evidente pola natureza mesma do refrán: *Besugo mata mulo* (3.4.) tiña un uso natural cando o transporte de pescado dende a costa galega ou cantábrica a Madrid se facía en relevos de mulos, que acababan rebentados cando cada un deles chegaba ó seu lugar do relevo; pero hoxe faise en camións frigoríficos (que poden chegar a Madrid en sete horas) ou mesmo en avión: a consecuencia é que hoxe este refrán está obsoleto e só pode ter un uso erudito, como comentario do que acontecía noutro tempo. É certo que nos casos citados a cita na Rede é recente; pero que a Rede rexistre un uso actual xa non indica por si mesma vixencia real do refrán.

Como xa dixemos en *hacer la mamola* (1.7.) e en *Romero hito* (3.38.), o manexo da información de Internet require importantes matices. Isto aplícaselle esencialmente á información de Webcorp e de Google, que, obviamente, é sempre magnífica pero o uso que nós fagamos dela pode non ser sempre magnífico e ponderado. En consecuencia, nós, salvo erro ou omisión, non computamos como proba de uso actual as citas de internet que son referencias ó pasado ou do pasado.

#### **4.1.3. Maior conservación dalgunhas unidades de Sarmiento (século XVIII) no español de América**

Nalgúns casos constátase que a única vixencia (ou a maior vixencia) actual dun fraseoloxismo ou paremia que no século XVIII utiliza o P. Sarmiento detéctase en América: *de tiempos a tiempos* (1.4.) ou *jueves de compadres / comadres* (1.10.), *ser un cagalaolla* (1.22.) non figuran nos dicionarios de fraseoloxía española consultados pero si que os detectamos na Internet como vivos en América. Algo parecido acontece co refrán *En el país de los ciegos, el que tiene un ojo es rey* (3.12.) e, nalgunha medida, tamén con *Hay ley para todo* (3.18.). Isto non é sorprendente, porque coincide co carácter conservador en non poucos aspectos gramaticais e léxicos da fala viva hispanoamericana actual (como acontece no ámbito do inglés e do francés nas que en tempos foron colonias británicas ou francesas).

E o mesmo se pode dicir a sensu contrario: o Webcorp detecta unha cita que testemuña que en América non corren fraseoloxismos ou paremias habituais en España (*al gallo que canta le aprietan la garganta, alzar uno el gallo, bajar el gallo, cada gallo canta en su muladar, como el gallo de Morón, cacareando y sin plumas. Expresiones que elijo porque no son habituales en México, aunque, es obvio, lo son en España*) (3.5.).

Pero tamén se percibe unha certa versatilidade americana, como vemos en citas deconstruídas ou reconstruídas, especialmente vivas en América como *Una golondrina no hace verano (...ni dos tampoco)*; *Una golondrina no hace verano (pero mil boludos tampoco)* (3.41.).

#### **4.1.4. ¿Inflúe o substrato galego do P. Sarmiento na escasa supervivencia da súa fraseoloxía castelá?**

Cabería preguntarse se esa escasa pervivencia dos fraseoloxismos casteláns podería deberse a que o P. Sarmiento inconscientemente traducía ou adaptaba ó castelán fraseoloxismos que el coñecía en galego e que non chegaron a callar en castelán. A resposta é negativa por varias razóns. A primeira é que Sarmiento nunca mestura galego e castelán, porque



ten viva conciencia da orixinalidade da lingua galega fronte ó castelán (e mesmo fronte ó portugués); de feito, neste mesmo reconto vemos que el, cando comenta a fórmula *Pan y toros*, especifica “Este dicho no corre en Galicia; sinò otro mejor que dice, *pan, e pòrco*” (1.13.). A segunda razón é a escaseza de coincidencias, das que poucos máis exemplos habería en galego ca *entrar por la boca-manga y sacar por el cabezón*. Aínda que, por veces, encontremos vivas no galego actual formas equivalentes ás que el cita (3.11.), se computámo-las equivalencias galegas que rexistra o Tesouro Fraseolóxico Galego (TFG), resulta unha proporción de presenzas e ausencias semellante á que se dá en castelán. Por iso, a falta de pervivencia actual das unidades usadas por Sarmiento non é atribuíble a que el mentalmente estivese traducindo ó castelán unidades da fraseoloxía ou paremioloxía galega.

#### **4.1.5. Se a fixación é esencial no texto fixado, a innovación tamén é importante**

Na Táboa 3 vimos que o índice de citas modif(icadas) é 11,60% na fraseoloxía e 20,19% na paremioloxía. Non parece moita esa porcentaxe; pero, se só computámo-las unidades que perviven e excluímos do cómputo as unidades que desapareceron, a porcentaxe de fraseoloxismos modificados sobe ó 26% e a das paremias sobe ó 37%. Globalmente pode dicirse, logo, que un terzo dos fraseoloxismos e paremias que perviven, sobreviven con modificacións e que a innovación nos textos recibidos representa un terzo do que chamamos fixación ou pervivencia. Dito doutro xeito: esas pequenas transformacións que os usuarios introducen no corpus recibido son unha parte substancial diso que chamamos fixación. E moitas destas innovacións son verdadeiros casos de implicidade ~ explicitade tal e como as describiu Mokienko (Mokienko 2000:201-317).

Poñamos algúns exemplos:

**4.1.5.1.** Algúns refráns (e habería que estudar por que) son especialmente prolíficos en variantes, ata o punto de que é difícil encontrar unha cita exactamente idéntica á que usou o P. Sarmiento no século XVIII. Tal é o caso de *El comer y el rascar no quiere más que empezar*, do que hai numerosas variantes que vimos en 3.10. ou usos creativos coma este: *Los chicos de Ironblogger tienen razón, esto de bloguear es como el comer y el rascar; cuestión de empezar; de momento estoy cumpliendo la promesa que les hice y estoy posteando religiosamente una vez a la semana, para premiar mi dedicación me han mandado un banner con su búho guardian #bundi*. (Ibidem).

**4.1.5.2.** Canto máis breve sexa un refrán e máis simple sexa a súa estrutura, máis probabilidade parece ter de manterse inalterado no uso oral a través dos séculos. Pero cando a estrutura é complexa, as posibilidades de que xurdan variacións multiplícanse. Tal é o caso de *Casa en la que vivas, viña en la que bebas, y tierras cuantas veas y puedas*, do que podemos encontrar exemplos de uso con variación en tódolos seus sintagmas ou mesmo no número de sintagmas. As citas de unidades complexas son máis polimórficas.

**4.1.5.3.** Quevedo (1580-1645) titulara un poema *Poderoso caballero don dinero*. Sarmiento (1695-1772) preferiu a variante *Gran caballero es don dinero* (3.15.) e a pesar

de todo hoxe predomina a variante quevediana que é anterior, quizais porque Quevedo sempre tivo lectores e Sarmiento, inimigo de publicar, aínda empezou a telos na fin do século XX. Como é natural, entre as citas actuais encontramos algunhas intactas do tipo *Como siempre, poderoso caballero es don dinero (La Prensa de Nicaragua)* pero tamén *Poderoso caballero don dinero*, omitindo o verbo, ou simplemente *poderoso don dinero*.

**4.1.5.4.** Exemplo das liberdades creativas que incrementan o texto no uso real son as citas que vimos en 3.41. *De todas maneras una golondrina no hace verano, ni dos tampoco. Una golondrina no hace verano, pero mil boludos tampoco.* Ou estoutra que vimos en 3.5. *Cada gallo canta en su muladar; y otros añaden, y el bueno en el suyo y en el ajeno.* Ou esta na mesma epígrafe: *Muchos juran cada gallo canta en su gallinero / falso refrán digo yo que canto donde quiero / y no por malcriadez o hacer alarde / sino que así es esto que en mi pecho arde.*

## **4.2. Sarmiento entende o discurso repetido como algo fixado pero dinámico**

Tras esta recapitulación cuantitativa, intentemos unha análise cualitativa do uso que o P. Sarmiento fixo do material fraseolóxico e paremiolóxico que cita. Constatamos que Sarmiento (coma calquera falante actual) cando usa o “discurso repetido” fai unha destas dúas cousas:

**4.2.1. A primeira**, a máis normal, é usalo na súa forma fixada polo uso e no seu sentido recto. ¿Por qué razón? Porque percibe que é unha unidade tan concisa e rica en significado, que nada se pode dicir mellor e con menos palabras. E aínda repara en que o pobo lle foi dando ós refráns unha estrutura métrica que facilita moito a memorización. Véxanse as súas observacións métricas en 3.1.

Pero Sarmiento, que ve o mundo sempre cos ollos vivos e críticos do proletariado rural e mariñeiro, ten un profundo respecto por toda a cultura popular, porque atopa nela verdades profundas expresadas de maneira moi plástica e directa que a ciencia formula con linguaxe máis abstrusa. Nos refráns encontra todo tipo de verdades, mesmo económicas, coma cando, falando das dimensións ideais das casas, das terras de labor e das viñas, di

Al adagio gallego es conforme el adagio español: *Casas las que habites, tierras las que veas, y viñas las que bebas.* Todo esto es para mí como un evangelio. (SARMIENTO 1762-1772: 1144).

*Como un evangelio* quere dicir que lle parece unha verdade sólida que é inútil discutir. Moitos dos refráns son para Sarmiento destas características.

En coherencia con isto, cando el trae a conto un fraseoloxismo ou paremia, utilízao ordinariamente como argumento aproveitando a forza expresiva e argumentativa desa unidade no asunto do que está a falar.

Outras veces, tráeo a conto para clarifica-lo contido semántico dunha palabra que é esencial no razoamento que está facendo.

**4.2.2. A segunda** forma de utilización consiste en intervir no texto recibido (o que chamamos hoxe *desautomatización*). E iso fáino de varias maneiras:

**4.2.2.1.** Por veces a desautomatización consiste en emendar unha palabra substituíndoa por outra máis lóxica ou que crea unha mensaxe máis razoable ou que corresponde mellor á realidade das cousas. Así fai cando di *Habló el buey y dijo mu* (3.16.) que el considera que debía ser *y dijo bu* e fai unha digresión filolóxica de gramática histórica. Ou cando di que o refrán *Lo mío, mío; y lo tuyo, de entrambos* pasou a ser realmente *Lo mío, todo mío; y todo lo tuyo, tambien* (3.23.1. e 3.23.2.).

**4.2.2.2.** Por veces a desautomatización consiste en engadir un sintagma, que amplía o alcance agronómico e pedagóxico do refrán. Así di: *Al principio se hacen los Panes tuertos; y yo añado, y los Arbolitos torcidos, y viciosos*. Ou cando comenta que “*Gente pobre –dice el adagio– todo es trazas*”, outros dicen, “*todo es trampas*” *Yo digo: todo es arbitrios y proyectos, y en el fondo todo es trapazas y trapacerías* (3.14.).

**4.2.2.3.** Outras veces, desautomatiza cambiando unha palabra que vira en redondo a mensaxe global. En 3.35 vemos unha dobre intervención deste tipo: nun refrán latino (*Siempre me he reído del Fit minor ad singula sensus y yo le he trocado Maior fit ad singula sensus*) e tamén un refrán castelán (*Quien adelante no mira, atrás se queda... Y yo, en un papel histórico, trové así Quien atrás no mira, atrás se queda*). Repárese en que Sarmiento a estas intervencións denomínaas *trovar* (*y yo lo he trocado...; y yo trové así...*), porque el ten clara conciencia da natureza métrica de tódolos refráns (véxanse os diversos exemplos que pon en 3.1.).

O que neste caso pretende Sarmiento é poñer en valor o pasado do que proceden as cousas e procedemos nós mesmos, porque ese pasado permite coñecer mellor a realidade presente. Neste caso a desautomatización contradí a forma estandarizada para encontrar unha verdade máis profunda.

**4.2.2.4.** Cando, en cambio, un refrán lle parece abertamente necio, elabóralle unha versión e mendada e acorde coa ciencia experimental. Así, cando fala do bárbaro axioma: *La Letra con Sangre entra* (3.20), radicalmente antitético das súas avanzadas ideas pedagóxicas. Na mesma liña de renovación pedagóxica (verdadeira obsesión na súa vida) modifica outro refrán para combater-lo mito de que algúns alumnos fracasan por falta de memoria. “Dizese: que *ninguno es bobo para su Cuento*; que equibale a que: à ninguno le falta entendimiento para su negocio. A esto es consiguiente formar este otro dicho: *a ninguno le falta memoria para su negocio*” (3.28.3.). Tamén considera necio o refrán que di *Tierras, las que puedas* e que el enmenda en *Tierras, las que veas* (3.40.). Se o anterior era necio dende o punto de vista pedagóxico, este é necio dende o punto de vista económico.

**4.2.2.5.** Outras veces a intervención é máis radical e representa unha enmenda á totalidade. Tal é o caso, que vimos en 2.3., no que di que unha das máis verosímiles orixes das corridas de touros é unha vella artimaña dos carniceros que, *no por diversion, sino para que la sangre se extienda mas, y pese mas la carne, agitan, corren, y torear las bacas, y bueyes, que han de matar, y vender en la carniceria*. De onde el conclúe que, máis que *corridas de toros* habíanse chamar *fiesta de la matanza, y diversion de la carniceria* (é dicir, do gremio de carniceros).

Se iso fai co corpus paremiolóxico, non é menos intervencionista coas frases proverbiais ou de autor. Así propón modifica-la cita de Caramuel *Muchos manejan el Arado que debieran manejar la Pluma* en *Muchos manejan la Pluma, que solo debieran manejar el Arado* (3.27).

Como vemos, fronte á concepción de fixación que hoxe predomina, Sarmiento ten unha idea moi dinámica do “discurso repetido”.

Podemos dicir que para Sarmiento o corpus fraseolóxico e paremiolóxico dunha lingua é un corpus sapiencial, no sentido de que condensa a experiencia desa comunidade, que garda observacións moi pertinentes e que é de valor perenne: polo tanto, debe ser atendido. Ora ben, ese corpus fraseolóxico e paremiolóxico non é *a priori* un compendio de citas infalibles que requiran obrigado asentimento. Como discípulo que fora do P. Feixoo, sitúase ante ese corpus tamén con mirada crítica, non considera que sexa de uso necesariamente pasivo e repetitivo senón algo vivo e dinámico e con algunha frecuencia modifica parcialmente ou totalmente os ditos ou refráns para lles dar nova semántica e nova vida.

Con todo, fronte ó P. Feixoo que poñía o acento na falibilidade dos adaxios, Sarmiento matiza e encontra neles algo máis de autoridade que de falibilidade. Vexámolo dun xeito plástico sintetizando a información ofrecida ata este momento.

TIPOS DE CITA REALIZADOS POLO P. MARTÍN SARMIENTO			
	Cita crítica	Cita neutra	Cita de autoridade
1.1. como tres en un zapato		x	
1.2. dar anguilas [a alguien]		x	
1.3. dar un jaquimazo [a alguien]		x	
1.4. de tempos a tempos		x	
1.5. Ea, jaque de aquí!		x	
1.6. entrar por la boca-manga y sacar por el cabezón		x	
1.7. hacer la mamola [a alguien]		x	
1.8. hacer la zancadilla [a alguien]		x	
1.9. hacer pucheritos [los niños]		x	
1.10. jueves de comadres / compadres		x	
1.11. Llevó el diablo rocín y manzanas		x	
1.12. ni rey ni roque		x	
1.13. pan y toros	x		
1.14. poner tontos en portillo		x	
1.15. sacar el caballo		x	
1.16. salir del día		x	
1.17. saltar en un pie		x	
1.18. sentenciar como si fuese en Peralvillo		x	
1.19. ser del día		x	
1.20. ser lágrimas del crocodilo		x	
1.21. ser remedios de viejas		x	
1.22. ser un cagalaolla		x	
1.23. tener un perro / una loba / una mona / una zorra		x	
2.1. No han venido los Gallegos	x		
2.2. Si no hay muertes, y desgracias de hombres y de animales, no será lucida la fiesta	x		
2.3. Topa, Martín		x	
2.4. Ya me dice el médico que veo		x	
2.5. Yo soy el Dios visible de Uruña.		x	
	3/28	25/28	0/28
	Cita crítica	Cita neutra	Cita de autoridade
3.1. A pan de quince días, hambre de tres semanas		x	
3.2. Al principio se hacen los Panes tertos			x
3.3.1. Allá van leyes do quieren reyes	x		
3.3.2. Do quieren reyes, allá van las leyes	x		
3.4. Besugo, mata mulo y da mulo			x
3.5. Cada gallo canta en su muladar.			x
3.6. Casas, las que vivas; viñas, las bebas; y tierras, las que veas			x
3.7. Castígame mi madre y yo trómpogelas		x	
3.8. Del dicho al hecho hay un gran trecho			x
3.9. Dure la cura y corra la paga	x		
3.10. El comer y el rascar no quiere más que empezar			x
3.11. En casa del gaitero todos son danzantes	x		
3.12. En el país de los ciegos el que tiene un ojo es rey		x	
3.13. En España solo hay de bueno el oro y la plata,...y el salmón	x		
3.14.1. Gente pobre, todo es trazas			x
3.14.2. Gente pobre, todo es trampas	x		
3.15. Gran caballero es don dinero	x		
3.16. Habló el buey y dijo mu / bu	x		
3.17. Hacienda en casas que no habite el dueño es poca lana, y esa en zarzas.			x
3.18. Hay ley para todo.	x		
3.19. Hay más estacas que tocino.			x
3.20. La letra con sangre entra	x		

3.21. La mala llaga sana, la fama mala mata.		x	
3.22. La santa extrema unción, es la cosa que siempre anda corriendo; y siempre llega tarde			x
3.23.1. Lo mío, mío; y lo tuyo, de entrambos	x		
3.23.2. Lo mío, todo mío; y todo lo tuyo también	x		
3.24. Los hombres, son como las cabras, que si se unen pasadas de 100. se apestan unas à otras	x		
3.25. Manos duchas comen truchas		x	
3.26. Muchas maestras cohonden la novia.			x
3.27. Muchos manejan el arado que debieran manejar la pluma			x
3.28.1. No hay tonto para su cuento.			x
3.28.2. Ninguno es bobo para su cuento			x
3.28.3. A ninguno le falta memoria para su negocio			x
3.29. No por mucho madrugar amanece mas aína.			x
3.30. Para perecer, y morirme de hambre, no necesito à nadie.			x
3.31. Para un traidor, dos alevosos.		x	
3.32. Pobre inoportuno saca mendrugo / Pobre importuno saca mendrugo			x
3.33. Por el pan baila el perro			x
3.34. Quando el Cura lo dice, estudiado lo tiene.			x
3.35. Quien adelante no mira, atrás se queda / halla	x		
3.36. Reniego del oficio, que no dá de comer a su dueño.			x
3.37. Reniego del que a palos há de ser bueno.			x
3.38. Romero hito saca zatico.			x
3.39. Téngote en lazo, palomo torcazo		x	
3.40.1. Tierras, las que puedas	x		
3.40.2. Tierras, las que veas			x
3.41. Una golondrina no hace verano.		x	
3.42. Valdebría, Valdebría, mucho bien en ti se cría.			x
	11/42	8/42	23/42

Táboa 4

	Cita crítica	Cita neutra	Cita de autoridade
Fraseoloxía	10,71%	89, 28%	0,00%
Paremioloxía	26,19%	19,04%	54,76%

Táboa 5

A Táboa 5 presenta unha notoria diferenza entre o uso que o P. Sarmiento fai da fraseoloxía e o da paremioloxía: case o 90% da fraseoloxía resúltalle de uso neutro; nin crítico nin de autoridade. Pola contra, o uso neutro que Sarmiento fai da paremioloxía non chega ó 20%. A maior parte dos refráns que usa teñen unha función de autoridade e do 26% fai unha cita crítica.

Posiblemente este reparto dos usos do discurso repetido que fai o P. Sarmiento sexa o habitual pero resulta inevitable lembra-la visión crítica que dos refráns tiña e puxo por escrito o seu mestre o P. Feixoo, visión que o P. Sarmiento editou. Fronte á *falibilidad de los adagios* que defendía o P. Feixoo, esa falibilidade reducíase ó 26% e fronte a ela Sarmiento acode ós refrán como testemuño de autoridade nun 54% dos usos espontáneos. Sarmiento non pon o acento na falibilidade dos adaxios senón na súa, que, nalgún caso parécenlle un *evangelio*, como queda citado en 4.2.1.

**4.2.2.6.** Máis aínda, el ten a certeza de que, trala desaparición do latín vivo, as vellas figuras retóricas e a vella métrica mantivéronse vivas nos refráns que corrían de boca en boca e que a métrica dos refráns provocou o renacemento da poesía en romance, primeiro popular e despois culta. En 3.1. xa vímo-las súas observacións de que tódolos refráns son versos de dous hemistiquios de arte maior ou arte menor pero sempre con rima interna. Véxanse tamén as variantes que cita en 3.18. Véxase tamén como observa que o refrán *Do quieren reyes, allá van las leyes* é un verso de arte maior ou dos versos rimados de seis sílabas o un verso sáfico.

Esta observación non é banal senón importante, porque con ela Sarmiento intúe que tivo que haber unha poesía medieval profana en galego, na que a muller expresa os seus sentimentos (*cantiga de amigo*), cousa que se acabaría descubrindo no século XIX. A poesía relixiosa en galego descubriuna precisamente el con 20 e poucos anos ó cataloga-lo arquivo da Catedral de Toledo e bater alí cun manuscrito das Cantigas de Santa María.

**4.2.2.7.** Noutros casos detecta que os refráns son verdadeiros documentos históricos, como cando nos desvela a orixe histórica dalgún deles, como fai no caso de *Gran caballero es don dinero* (3.15.). Noutro caso a súa memoria e erudición permítenlle data-la primeira aparición dun refrán, como é o caso da frase nacida de autor anónimo ante a caprichosa decisión de Afonso VI de elimina-lo ritual hispano e impoñe-lo rito romano: *Véase aquí un adagio de casi setecientos años de antigüedad* (3.3.2.) referíndose a *Allá van las leyes do quieren reyes* (3.3.1.) e mais a *Do quieren reyes, allá van las leyes* (3.3.2.). Igual acontece cando documenta que *Pobre inoportuno saca mendrugo* é unha modificación daquel que usou o poeta Berceo, coetáneo de San Fernando (*Romero hito saca zatico*) (3.38.).

Por iso dicimos que a posición de Sarmiento é moito máis matizada cá do seu mestre o P. Feixoo.

### **4.3. Sarmiento e a terminoloxía fraseográfica**

Hai outro aspecto que queremos comentar. Como quedou dito en 0.1. Sarmiento en 1730 iniciou un proxecto que, dalgún xeito, era fraseolóxico (SARMIENTO 1730). Pero se o abandonou ás poucas páxinas de inicialo, o certo é que esas digresións fraseolóxicas e fraseográficas impregnan a súa obra toda e aparecen continuamente, como se ve neste traballo.

Pero algunha vez (como xa se viu 3.1.) entra en análises métricas dos refráns e do que neles encontra saca lúcidas conclusións sobre a prehistoria do corpus paremiolóxico.

Non só iso. Sarmiento detecta xa que existen cuestións taxonómicas, aínda que el utiliza a terminoloxía propia do seu tempo. Para a fraseoloxía utiliza *dicho* ou *modo de decir*, *modo de hablar*. Para a paremioloxía utiliza *refrán*, *adagio* e *proverbio*. No seguinte cadro poñeremos algúns exemplos para que o lector faga as súas propias observacións.

TERMO	CITA
Modo de hablar	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. <i>Acaso aludirá â esto el modo de hablar en España quando se dice que â tal, ô tal muchacho le dieron en la Escuela tantas Anguilas</i></li> <li>2. Modo de hablar Castellano quando se pierde una cosa, y se dice: <i>Llevó el Diablo Rocin, y Manzanas</i></li> <li>3. <i>Como la justicia de Peralvillo, que después de asaeteado el hombre, le formaban proceso.</i> Modo con que se moteja a un tribunal o autoridad de haber procedido con suma ligereza en su determinación.</li> </ol>
Proverbio	<ol style="list-style-type: none"> <li>4. según el proverbio <i>Iro, et Codro pauperior</i></li> <li>5. sobre eso se formó el proverbio <i>Lesbia regula</i></li> <li>6. <i>Plureis thyrigeros, paucos est cernere Bacchos</i> es proverbio de Erasmo.</li> <li>7. El proverbio <i>Turdus ipse sibi malum cacat</i> es de griegos y de latinos...</li> <li>8. A todo esto se reduce el tesoro, según el proverbio: <i>Carbones thesaurus erant.</i></li> <li>9. Verificar el proverbio <i>Mali corvi, malum ovum.</i></li> </ol>
Adagio	<ol style="list-style-type: none"> <li>10. <i>Habló el buey y dijo mu</i> es adagio.</li> <li>11. Aquí viene el adagio griego <i>Mali corvi, malum ovum.</i> Y más al caso, <i>Mali ovi, malus corvus.</i></li> <li>12. aludiendo al adagio <i>festina lente</i></li> <li>13. Hay adagio en Lombardía que <i>el barbo neque frigidus, neque calidus, neque elixus, neque assatus, sit bonus</i> (2,2049).</li> <li>14. En la cuestión sobre si la voz <i>camello</i>, de que usó Cristo para hacer difícil que el rico entre en el cielo, unos la entienden por un cable de un navío y otros por el animal, yo me inclino a esto, pues <i>el adagio entre los hebreos</i> hablaba del elefante, que no pasaba por el agujero de una aguja —per foramen acus<sup>83</sup>, como Bochart le cita, columna 92, de dos textos del Talmud. Por ser tan raro el elefante, usó Cristo del camello, animal tan conocido. Del mismo, usó contra los fariseos: <i>excolantes culicem, camelum autem glutientes.</i> La maroma de navío o la gómena sería más raro el conocerla que al camello. Así, no hallo dificultad en el dicho de Cristo, pues el tragarse un camello prueba que Cristo usaba del camello animal para su retórica, y no del cable de navío o maroma.</li> <li>15. <i>Valdebría, Valdebría, mucho bien en ti se cría...</i> En el dicho lugar de Domingo Flórez es muy trivial este dicho... Los antiguos que formaron aquel adagio...</li> <li>16. Es adagio gallego: <i>Se queres vivir mezquiño, trata en viño.</i></li> <li>17. Dice un adagio gallego que ya cité: <i>“Se queres vivir mezquiño, trata en viño”</i></li> <li>18. Al adagio gallego es conforme el adagio español: <i>“Casas las que habites, tierras las que veas, y viñas las que bebas”.</i> Todo esto es para mí como un evangelio.</li> <li>19. Al contrario, el adagio gallego <i>“Se queres vestir de seda, trata en cera”</i>, era experimentado en lo antiguo, pero hoy es casi falso en Galicia.</li> <li>20. en Pontevedra hay este adagio <i>“Cando o trigo é louro, o muge é d’ouro”.</i></li> <li>21. Eso es a favor de estos según el adagio portugués: <i>Da muller, e da sardiña, a máis pequeniña.</i></li> <li>22. [...]según otro adagio portugués: <i>Quem quizer mal a sua veziña, delles en mayo hum a sardiña.</i> Y este otro: <i>A quem en mayo come sardiña, en agosto lle pica a espiña.</i></li> <li>23. Cita Covarrubias el adagio <i>Besugo, mata mulo y da mulo...</i> por lo que se verifica el adagio gallego: <i>“El que vive en puerto de mar, nunca se acuesta sin cenar”.</i></li> </ol>

Táboa 6

¿Distingue Sarmiento entre refráns, adaxios e proverbios? A primeira vista parece que os usa como sinónimos: de feito, o mesmo *Mali corvi, malum ovum* aparece designado como proverbio en 9 e como adagio en 11.

<sup>83</sup> “Polo burato da agulla”.



Pero, se seguímo-la taxonomía proposta por Julia Sevilla (1993) e Sevilla e Crida (2013), podemos ver que, fóra do caso aludido, Sarmiento xa establece algunha diferenza. Para Sevilla e Crida *proverbios* e *aforismos* son paremias de orixe coñecida e uso preferentemente culto; mentres que os *refrán*s, *aforismos*, *frases proverbiais*, *as locucións proverbiais* e os *dialoxismos* son paremias de orixe anónima e uso preferentemente popular (2013:113). Máis concretamente, o *proverbio* é “enunciado sentencioso de orixe conocido, cuyas características son la procedencia culta, la antigüedad, el tono grave, la gradación idiomática, la potencial variación y el uso preferentemente culto” (2013:109). Vexamos algúns exemplos ós que Sarmiento denomina *proverbios*:

- 1.... *según el proverbio Iro, et Codro pauperior*
2. *sobre eso se formó el proverbio Lesbia regula*
3. *Plureis thyrigeros, paucos est cernere Bacchos es proverbio de Erasmo.*
4. *El proverbio Turdus ipse sibi malum cacat es de griegos y de latinos...*
5. *A todo esto se reduce el tesoro, según el proverbio: Carbones thesaurius erant.*
6. *Verificar el proverbio Mali corvi, malum ovum.*

Como se ve, 1 e 2 parecen simples locucións; 3-6, en cambio, que parecen paremias pero os seis teñen a característica de seren de orixe coñecida, transmisión culta, ton grave, potencial variación e uso preferentemente culto. Destes proverbios Sarmiento di

*Aun el comento de nuestros proverbios que llaman evangelios chicos sería infinitamente más útil e instructivo...*

Pero noutros casos para Sarmiento a proverbialidade parece te-lo sentido de antonomasia, de referencia no seu xénero coma cando di (§ 1585)

*En el Cronicón Aemilianense se hallan los proverbios de España por la era de 921. Allí hay estos dos: mulus de Hispali y caballus de Mauris. Si entonces eran famosas las mulas de Sevilla, es señal que había caballos moriscos, sin exclusiva de mulas.*

*vox stentorea. [§ 3180] En el V de la Iliada supone Homero que un hombre llamado Stentor tenía una voz de bronce y tan clamorosa que cuando voceaba abultaba más que cincuenta hombres. Por eso pasó a proverbio “vox stentorea”*

Nestes casos, e tal como di o manuscrito medieval, *proverbios* refírese ás cousas máis sonadas de Hispania (*Res Hispaniae celebres*), ás cousas que son paradigma, proverbiais. Aínda que *mulus de Hispali* e *caballus de Mauris* parezan significar simplemente “mulo de Hispali” e “cabalo mourisco” realmente queren dicir “Mulos, os de Hispali” e “Cabalos, os de terra de Mouros”. É dicir son afirmacións de calidade suprema. Igual que, cando no mesmo manuscrito se di “Mel de Gallaecia”, quere dicir que daquela o mel máis prezado era o do Reino de Galicia. Proverbio, neste caso, quere dicir paradigma de excepcionalidade, coma a *voz estentórea*, e por iso os proverbios son considerados *evangelios chicos*.

Pero Sarmiento cita tamén non poucos *adagios*. Vexamos algúns exemplos.

1. *Aquí viene el adagio griego Mali corvi, malum ovum. Y más al caso, Mali ovi, malus corvus.*

Como se ve os adaxios 1 - 4 teñen orixe culta e coñecida e un uso exclusivamente culto é dicir, deberían considerarse proverbios; mentres que os restantes, seguindo a terminoloxía de Sevilla-Crida, serían refráns.

Parece, logo, que Sarmiento usa indistintamente un termo ou outro.

#### 4.4. Sarmiento postula o inicio dos estudos fraseolóxicos e paremiolóxicos

Queremos rematar explicitando que Sarmiento, que ós 35 anos iniciara unha especie de dicionario fraseolóxico (0.1) e axiña o abandonou por outros traballos, ós seus 70 anos volveu a expresa-la matizada reverencia que lle merecía o corpus fraseolóxico e paremiolóxico: na súa obra póstuma, escrita entre 1762-1772, deixa un parágrafo no que expresamente pide que se recollan os refráns e que se inicien os estudos fraseolóxicos e paremiolóxicos.

Después de las dichas voces puras vulgares de lo que Dios ha criado, se deben recoger las voces que entran en los refranes, y el curioso debe copiar el refrán entero. Los *refranes, adagios y proverbios* de una lengua son los textos más antiguos, más auténticos y más puros que se deben citar, por razón de sus voces, en un vocabulario o glosario. No todos los proverbios son iguales en la enseñanza, pero todos son del caso para la pureza de la lengua, y unos más antiguos que otros. Hay no pocos que ya no se les penetra bien el sentido, y harto más útil sería que los escritores los hubiesen comentado que no el que anduviesen a caza de voces no españolas. (SARMIENTO 1762-1772:4893; Monteagudo: 4,109).

Sarmiento era consciente da existencia, heteroxeneidade estrutural, relativa autoridade e transcendencia da oralidade fixada no uso. Por todo iso usou con naturalidade e oportunidade máxima o corpus fraseolóxico e paremiolóxico e no final da súa vida postulou o inicio dos estudos sistemáticos de fraseoloxía e paremioloxía (4.4.).

## 5. Referencias bibliográficas

### 5.1. Bibliografía primaria

CANTERA ORTIZ DE URBINA Jesús (2005): *Diccionario Akal del Refranero latino*. Madrid: Akal.

CANTERA ORTIZ DE URBINA Jesús e GOMIS BLANCO, Pedro (2007): *Diccionario de fraseología española: locuciones, idiotismos, modismos y frases hechas usuales en español (su interpretación)*. Madrid: Abada.

(2011): *Diccionario de dichos y expresiones del español. Su interpretación al alcance de todos*. Madrid: Abada.

CASTELAO DIÑEIRO, Santiago (1991): *Refranero Berciano*. León: Ediciones Lancia.

CASTRO, Rosalía de (1861): *Flavio*. Ed. de MAYORAL, Marina (1993) Madrid: Turner. Extraído do CORDE [<http://corpus.rae.es/cordenet.html>] [20.9.2014].

CERVANTES SAAVEDRA, Miguel de (1585): *La Galatea*. Ed. de SEVILLA ARROYO, Florencio e Rey Hazas, Antonio (1994). Alcalá de Henares: Centro de Estudios Cervantinos.

- FEYJOO, Benito Jerónimo (1726): *Teatro crítico universal, I*. Ed. do Instituto Feijoo del siglo XVIII (1998). Oviedo.
- (1742): *Cartas eruditas y curiosas, en que por la mayor parte se continúa el designio de el Teatro Crítico*. CORDE, Real Academia Española: Madrid (2004).  
Extraído do CORDE [<http://corpus.rae.es/cordenet.html>] [20.9.2014].
- (1745): *Cartas eruditas y curiosas, en que por la mayor parte se continúa el designio de el Teatro Crítico*. CORDE, Real Academia Española: Madrid (2004).  
Extraído do CORDE [<http://corpus.rae.es/cordenet.html>] [20.9.2014].
- (1753): *Cartas eruditas y curiosas, en que por la mayor parte se continúa el designio de el Teatro Crítico*. CORDE, Real Academia Española: Madrid (2004).  
Extraído do CORDE [<http://corpus.rae.es/cordenet.html>] [20.9.2014].
- JEREZ, Juan (1601-1621): *Razón de Corte*. Ed. de REGUERA RODRÍGUEZ Antonio T (2001). León: Universidad de León. Extraído do CORDE [<http://corpus.rae.es/cordenet.html>] [20.9.2014].
- MARTÍNEZ KLEISER, Luis (1953<sup>1</sup>): *Refranero general ideológico español*. Madrid: RAE. Citamos pola terceira reimpresión (1989)<sup>84</sup>.
- PIZARRO, Pedro (1571): *Relación del descubrimiento y conquista de los reinos del Perú*. Ed. de LOHMAN VILLENA Guillermo e DUVIOLS, Pierre (1986). Lima: Pontificia Universidad Católica del Perú. Extraído do CORDE [<http://corpus.rae.es/cordenet.html>] [20.9.2014].
- PRIETO DONATE, Estefanía (2009): “Refraneiro escolar galego do cambio de milenio” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 11, 2009, 305-369.
- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: *Corpus de Referencia del Español Actual (CREA)*. [<http://corpus.rae.es/creanet.html>] [Data de consulta: abril 2014].
- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: *Corpus Diacrónico del Español (CORDE)*. Banco de datos [<http://corpus.rae.es/cordenet.html>] [Data de consulta: abril 2014].
- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (2001<sup>22</sup>): *Diccionario de la Real Academia Española*. Madrid: Real Academia Española. [<http://www.rae.es/recursos/diccionarios/drae/>] [Data de consulta: agosto 2014].
- SARMIENTO, Fr. Martín (1730): *Costumbres, ethiquetas, ceremonias, juegos, obserbaciones, supersticiones y vulgaridades, que se practican en diferentes partes de España: Refranes, frases, dichos y hechos que oy se aplican â otros y de lo que hay alguna noticia en autores antiguos etc. Advertialo yo Fray Martín Sarmiento, monge benedictino y profeso en San Martín de Madrid. Año de 1730*. (Manuscrito do Museo de Pontevedra)<sup>85</sup>.
- (1732): *Demonstración crítico-apologética del Teatro Crítico Universal que dio a luz el R. P. M. Fr. Benito Jerónimo Feijoo, Benedictino, con la cual se hace*

<sup>84</sup> Véxase 0.7 para as siglas con que cita os paremiólogos anteriores a el. E os refráns que nesa obra monumental non levan sigla ningunha proceden da recolleita do propio Luís Martínez Kleiser.

<sup>85</sup> Seguímolo manuscrito do Museo de Pontevedra, corrixindo nalgún caso, a edición de Alfredo García Alén en VVAA (1995): Estudos adicados a Fr. Martín Sarmiento: artigos tirados dos Cuadernos de Estudios Gallegos (1945-1982). Introducción de J.L. Pensado. Santiago de Compostela: Instituto Padre Sarmiento; 341-347. Tamén corriximos nalgún caso a edición de José M<sup>o</sup> Sbarbi (1877): *El refranero general español*, parte recopilado, y parte compuesto por... Madrid: Imprenta de A. Gómez Fuentenegro; VII, 167-173.

*patente la evidencia de sus discursos, la certeza de sus noticias, la probabilidad de sus opiniones, la verosimilitud de sus conjeturas, la elección de sus autores, la exactitud de sus citas, la armonía de sus expresiones, la propiedad de sus palabras, que en los tomos I, II, III, en algunas partes del IV, y en la Ilustración Apologética pretendió contradecir el vulgo, con diferentes papelones; por no haber entendido hasta ahora la conexión, y obvia significación de las voces. Hacela uno de los aprobantes el P. Fr. Martín Sarmiento, Benedictino, Lector de Teología Moral en el Monasterio de S. Martín de esta Corte. En Madrid. Año de 1732.*

Existe reimpresión de 1787: *Demonstracion crítico-apologética del Theatro crítico universal, que dió a luz el R.P.M. Benito Gerónimo Feyjoo... hacela uno de los aprobantes el P.Fr. Martín Sarmiento*. Pamplona: en la Imprenta de Benito Cosculluela.

- (1745): *Memorias para la Historia de la poesía y poetas españoles*. Edición de 1942 en Buenos Aires: Emecés-Editores.
- (1746): *Colección de voces y frases gallegas*. Ed. de PENSADO, José Luís (1970). Salamanca: Universidad de Salamanca. Contiene el *Coloquio de 24 gallegos rústicos* y los comentarios filológicos que llegaron a la copla 195 de las 1201 previstas.
- (1752): *Copia del Real Privilegio del Rey Don Hordoño 2º concedido al Monasterio de Samos, a 1º de Agosto, Era 960 [i.e. 922] [Manuscrito]: el qual ví, leí y copié por mi mismo, en S. Martín de Madrid, a 20 de agosto de 1752. Y reflexiones previas sobre los archiveros*. Manuscrito 9892 da Biblioteca Nacional. Madrid. [Citamos por este manuscrito axeitando a puntuación]<sup>86</sup>.
- Hai agora edición completa dese manuscrito en SARMIENTO, Martín (2010): *Notas al privilegio ghotico de Ordoño 2º, concedido al Monasterio de San Julián de Samos, a 1º de Agosto, Era 960 [i.e. 922] [Manuscrito]: el qual ví, leí y copié por mi mismo, en S. Martín de Madrid, a 20 de agosto de 1752. Y reflexiones previas sobre los archiveros*. Edición de SANTOS PUERTO, José (2013). [...] *Estudio preliminar, edición e índices de...* La Laguna: Museo de la Universidad de la Laguna; 338 páx. Edición en PDF en [[http://medull.webs.ull.es/pedagogos/SARMIENTO/Reflexiones\\_sobre\\_Archiveros.pdf](http://medull.webs.ull.es/pedagogos/SARMIENTO/Reflexiones_sobre_Archiveros.pdf)] [15.12.2012].
- (1757): *Onomástico etimológico de la lengua gallega*. Edición y estudio por J. L. Pensado (1998). A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. (2 vols.).
- (1762-1772): *Obra de 660 Pliegos de el Reverendissimo Padre Maestro Fray Martín Sarmiento, Benedictino que trata de Historia Natural y de todo genero de Erudicion, con motivo de un papel que parece se havia publicado por los Abogados de la Coruña contra los Foros, y Tierras, que poseen en Galicia los Benedictinos: Y lo escribió en Madrid por los años de 1762. y siguientes. Sacada esta Copia de su Original, para el Uso de el Excelentissimo Señor Duque de*

<sup>86</sup> Véxase tamén FERRO RUIBAL, Xesús (2002): “Lingua, vida cotiá e corridas de touros. Miscelánea inédita de Fr. Martín Sarmiento” en *Boletín da Real Academia Galega* 363, 2002, 79-80; pp.63-93 [<http://www.realacademiagallega.org/imaxin-boletins-web/paxinas.do?id=3345 &d=447263-p=17>].

- Medina-Sidonia. En Madrid, Año de 1772*). [Numeración de parágrafos do propio P. Sarmiento]. Existe xa edición de tres dos cinco volumes SARMIENTO, Fr. M. (2008): *De historia natural y de todo género de erudición. Obra de 660 pliegos*. Monteagudo, Henrique (ed.). Vols. II, 460 páxs.; III, 253; IV, 412 páxs. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. CSIC. (resto en prensa). (1768/1984): *La educación de la juventud. Edición y estudio crítico de J.L. Pensado*. Santiago: Xunta de Galicia, Servicio Central de Publicacións.
- SECO, Manuel, ANDRÉS, Olimpia e RAMOS, Gabino (2004<sup>2</sup>): *Diccionario fraseológico documentado del español actual. Locuciones y modismos españoles*. Dirigido por Manuel Seco. Madrid: Santillana.
- SEVILLA MUÑOZ, J.; ZURDO RUIZ-AYÚCAR, M. I. T. [dir.] (2009): *Refranero multilingüe*. Madrid: Instituto Cervantes (Centro Virtual Cervantes). <<http://cvc.cervantes.es/lengua/refranero/>>
- VARELA, Fernando e KUBARTH, Hugo (1994): *Diccionario fraseológico del español moderno*. Madrid: Editorial Gredos.
- VÁZQUEZ SACO, Francisco (2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral. Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5,2003. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela 2003. Indícase a páxina e despois o número do refrán nesa edición.
- Webcorp*. Research and Development Unit for English Studies-RDUES. School of English. Birmingham City University. [<http://www.webcorp.org.uk/>] [abril 2014].
- ZÚÑIGA Y SOTOMAYOR, Fadrique de (1565): *Libro de cetrería de caza de azor*. Ed. de GUTIÉRREZ-ARRESE, Dámaso (1953). Madrid: Bibliófilos españoles. Extraído do CORDE [<http://corpus.rae.es/cordenet.html>] [20.9.2014].

## 5.2. Bibliografía secundaria

- ÁLVAREZ LIRES, M. M. e García, X. (2002): “O papel das matemáticas na obra de Frei Martín Sarmiento”. *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación* 6, 2002; 41-67.
- ALLEGUE AGUETE, P. (2001): *Martín Sarmiento, pensador, crítico, científico, filólogo, educador*, Vigo: Ir Indo, 2001.
- BENAVENTE JAREÑO, Pedro e FERRO RUIBAL, Xesús (2010): *O libro da vaca. Monografía etnolingüística do gando vacún*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Xunta de Galicia. 1632 páxs.
- CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús (2009): “Los adagios son evangelios breves”. Encendida réplica contra esta sentenza por parte do Padre Feijóo en su carta titulada ‘Falibilidad de los adagios’ en *Paremia* 18, 2009; 21-30. [<http://www.paremia.org/wp-content/uploads/P18-2.pdf>] [20.6.2014].
- CANTERA ORTIZ DE URBINA Jesús e GOMIS BLANCO, Pedro (2007): *Diccionario de fraseología española. Locuciones, idiotismos, modismos y frases hechas usuales en español*. Madrid: Abada; 429 páxs.
- COSTA RICO, A. (1997): “A dimensión pedagóxica do Padre Sarmiento” en *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso Internacional do Tricentenario*

- de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995), *Santiago de Compostela, 29 de maio - 3 de xuño de 1995*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega -Universidade de Santiago de Compostela; 2, 245-300.
- (2002): “Frei Martín Sarmiento, escritos de educación. Significado histórico-pedagóxico”, *Revista Galega do Ensino* 35, 2002; 41-68.
- (2002): “As ideas pedagóxicas de Martín Sarmiento como expresión do discurso educativo da ilustración europea”, Sarmiento. *Anuario Galego de Historia da Educación*. 6, 2002; 9-39.
- (2002): “Frei Martín Sarmiento, alethophilo e fundador da pedagogía galega” en Santamarina, A. (coord): *Frei Martín Sarmiento, Día das Letras Galegas*, Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 2002, 33-48.
- (2002): “Unha aprendizaxe natural, empirista e demostrativa”, en *Congreso sobre Frei Martín Sarmiento*, Santiago:Xunta de Galicia, 2002, págs. 61-70.
- (2002): *Sarmiento, pensador e investigador ilustrado. Vida e obra*, Vigo: Xerais.
- COSTA, A., ÁLVAREZ LIRES, M.A. (2002): *Edición y estudio introductorio de Martín Sarmiento, La educación de la niñez y de la juventud [textos]*, Madrid: Biblioteca Nueva, 2002.
- COVARRUVIAS OROZCO, Sebastián de: *Tesoro de la lengua castellana o española / compuesto por el licenciado Don Sebastian de Covarruuias Orozco,...* Madrid: Luis Sánchez, 1611. O Centro Virtual Cervantes ofrece en facsímile a reedición de Melchor Sanchez 1674 [[http://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/del-origen-y-principio-de-la-lengua-castellana-o-romance-que-oy-se-vsa-en-espana-compuesto-por-el-0/html/00918410-82b2-11df-acc7-002185ce6064\\_1184.html](http://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/del-origen-y-principio-de-la-lengua-castellana-o-romance-que-oy-se-vsa-en-espana-compuesto-por-el-0/html/00918410-82b2-11df-acc7-002185ce6064_1184.html)] [22/09/2014]. Hai tamén reedición integral e ilustrada de ARELLANO, Ignacio e ZAFRA, Rafael (2006): *Tesoro de la lengua castellana o española*. Madrid: Iberoamericana-Vervuert.
- DAHLMANN, L.M. (1999): “El discurso pedagógico en la obra de Fr. Martín Sarmiento”, *Trocadero*, 10-11, 1999.
- DEL ÁLAMO, J. (1931): “La educación de los niños. Folleto inédito del sabio beneditino Fray Martín Sarmiento” en *Revista de Archivos, Bibliotecas y museos* LII; 1931; 67-82, 281-301.
- FEYJOO Y MONTENEGRO, Fr. Benito Jerónimo (1726-1740): *Teatro critico universal ó Discursos varios en todo género de materias, para desengaño de errores comunes / Escrito por el Muy Ilustre Señor D.Fr....* Texto tomado da edición de Madrid 1778; por D. Joaquín Ibarra; páxs. 1-19. [Edición dixital en <http://www.filosofia.org/bjf/bjft101.htm>]. [14.6.2014].
- (1750): *Cartas eruditas, y curiosas, en que, por la mayor parte, se continúa el designio del Teatro critico universal, Impugnando, ó reduciendo á dudosas varias opiniones comunes / Escritas por el Mui Ilustre Señor D. Fr..* tomo terceiro (1750). Texto tomado da edición de Madrid 1774. Imprenta Real de la Gazeta; tomo segundo (nueva impresión), páxs. 1-10. [Edición dixital en <http://www.filosofia.org/bjf/bjfc301.htm>]. [14.6.2014].

- FERRO RUIBAL, Xesús (1987): *Refraneiro galego máis frecuente*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- (2004): “Explicitación e implicación fraseolóxica. Notas galegas”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 6, 2004, 57-80.
- FERRO RUIBAL, Xesús e VARELA MARTÍNEZ Xacinta (2012): “Fraseoloxía e paremioloxía galega nos escritos do P. Martín Sarmiento (1695-1772)” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 14, 2012, 99-163.
- FIGUEIROA, A. e FONTENLA, J. L. (1984): “Un precursor da innovación pedagóxica galega do século XVIII. O padre Sarmiento”, *O Ensino*, 7-10, 1984; 81-92.
- FILGUEIRA IGLESIAS, M.A. (1972): “Lengua materna y educación en Fr. Martín Sarmiento” en *Cuadernos de Estudios Gallegos XXVII*, 1972; 191-272.
- FILGUEIRA VALVERDE, X. (1947): *El plan de estudios gallegos ideado por el P. Sarmiento*, Santiago, 1947.
- (1972): “El P. Sarmiento en el Museo de Pontevedra” en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXVII, 1972; 74-103.
- (1972): “No centenario. O Padre Sarmiento e a fala galega” en *Grial* 38, 1972; 385-393.
- (1972): *Fray Martín Sarmiento, el último cronista de Indias*, Pontevedra, 1972.
- (1981): *Ideas y sistema de la historia en Fr. Martín Sarmiento*, Discurso de ingreso na Real Academia de Historia, Madrid, 1981.
- (1983): “Feijoo y Sarmiento ante la antigüedad clásica” en *Cuadernos de la Fundación Pastor*, 31, 1983; 9-35.
- (1985): “América ante dos ilustrados españoles. Feijoo y Sarmiento”, en *II Congreso de Academias Iberoamericanas de la Historia*, Madrid, 1985.
- (1994): *Fray Martín Sarmiento (1695-1772)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- FLECHA ANDRÉS, F. E CELADA PERANDONES, P.: “Sentido, alcance y límites de la crítica en el proyecto educativo del Padre Sarmiento” en *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995)*, Santiago de Compostela, 29 de maio - 3 de xuño de 1995. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega -Universidade de Santiago de Compostela; II, 303-318.
- GALINO CARRILLO, M.A. (1953): *Feijoo, Jovellanos y Sarmiento, tres hombres y un problema ante la educación moderna*, Madrid, 1953.
- (1997): “El espacio del Padre Sarmiento en la historia de la educación”, en *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995)*, Santiago de Compostela, 29 de maio - 3 de xuño de 1995. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega -Universidade de Santiago de Compostela. 2; 221-235.
- IRIBARREN, José M<sup>a</sup> (1946): *El porqué de los dichos*. Navarra: Departamento de Educación y Cultura del Gobierno de Navarra.
- LORENZO, Ramón (ed.) (1965): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla (s. XIV): Edición crítica anotada, con introducción, índice*

- onomástico y glosario*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos «Padre Feijoo», 1975-77, 2 v. (I: Introducción, texto anotado e índice onomástico, 1975, LVIII + 1009 p.; II: Glosario, 1977, XXXIII + 1342 p.).
- MOKIENKO, Valerii (2000): *Fraseoloxía eslava. Manual universitario para a especialidade de lingua e literatura rusas*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- PENSADO, José Luis (1995): *Estudos adicados a Fr. Martín Sarmiento. Artigos tirados dos Cuadernos de Estudios Gallegos (1945-1982). Introducción de J.L. Pensado*. Santiago de Compostela: Instituto Padre Sarmiento, 1995 XIX; 545 páxs.
- RUIZ BERRIO, J. (2002): “Maestro de niños. El empleo más difícil de la República” en *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación* 6, 2002; 97-111.
- SANTOS PUERTO, J. (1998): “El primer texto reformista de Sarmiento. Planta curiosa sobre entablar el adelantamiento de los estudios de la congregación benedictina de España”, *Tempora*, segunda época, vol. I, 1998; 255-305.
- (1998): “El último texto educativo de Sarmiento. Sobre el método de estudios de San Isidro de Madrid” en *Cuadernos de Estudios del S.XVIII*, núm. 6-7, 1998; 207-238.
- (1998): “Fray Martín Sarmiento, una propuesta de educación popular postergada” en *Educación Popular*, La Laguna, 1998, vol. I, 287-306.
- (2002): *Martín Sarmiento, Ilustración, educación y utopía en la España del siglo XVIII*, A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, 2002, 2 vol.
- (2002): *Reflexiones Literarias para una Biblioteca Real (La referencia cultural de la ilustración española)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- SEVILLA MUÑOZ, Julia (1993): “Las paremias españolas: clasificación, definición y correspondencia francesa” en *Paremia* 2, 1993; 15-20.
- SEVILLA MUÑOZ, Julia e CRIDA ÁLVAREZ, Carlos Alberto (2013): “Las paremias y su clasificación” en *Paremia* 22, 2013; 104-114.
- TITONE, Renzo (1963): *Metodología didattica*. Zurich: Pas Verlag. Versión esp. *Metodología didáctica* Rialp (1970).